

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

15650 *Lei 16/2012, do 27 de decembro, pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas públicas e ao impulso da actividade económica.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

Nos últimos meses véñense introducindo diversas medidas no ámbito tributario co fin de consolidar as finanzas públicas e, deste modo, corrixir o antes posible os principais desequilibrios que afectan a economía española, principalmente a redución do déficit público, todo isto co fin último de contribuír á recuperación daquela, que se incorporaron ao ordenamento, basicamente, mediante o Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, o Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo, polo que se introducen diversas medidas tributarias e administrativas dirixidas á redución do déficit público, e o Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

Porén, a evolución dos ingresos públicos segue requirindo a adopción de medidas adicionais que, reforzando estes, e complementando as anteriores, permitan fixar as bases dunha recuperación económica estable e duradeira.

II

No ámbito do imposto sobre a renda das persoas físicas, co obxectivo de contribuír á consolidación fiscal, adóptanse varias medidas.

En primeiro lugar, suprímese a dedución por investimento en vivenda habitual a partir do 1 de xaneiro de 2013.

Non obstante, establécese un réxime transitorio polo que poderán continuar practicando a dedución por investimento en vivenda en exercicios futuros todos aqueles contribuíntes que adquirisen antes do 31 de decembro de 2012 a súa vivenda habitual ou satisfixesen cantidades antes desa data para a construción, ampliación, rehabilitación ou realización de obras por razóns de discapacidade na súa vivenda habitual.

En segundo lugar, estarán suxeitos ao imposto sobre a renda das persoas físicas a través dun gravame especial os premios das lotarías do Estado, comunidades autónomas, Organización Nacional de Cegos Españoles, Cruz Vermella Española e entidades análogas de carácter europeo, que ata agora estaban exentos.

En concreto, o gravame especial devindicarase no momento en que se aboe ou satisfaga o premio e deberá practicarse unha retención ou ingreso á conta que terá carácter liberatorio da obriga de presentar unha autoliquidación por el.

Por outra parte, aclárase o réxime fiscal do resto de xogos permitindo computar as perdas co límite das ganancias obtidas no dito exercicio.

En terceiro lugar, coa finalidade de penalizar fiscalmente os movementos especulativos, na base impositiva do aforo só se incluírán as ganancias e perdas patrimoniais derivadas da transmisión de elementos patrimoniais que permanecesen no patrimonio do contribuínte durante máis dun ano.

Tamén se modifica a regra de cálculo da retribución en especie derivada da cesión de vivenda aos empregados, cando esta non sexa propiedade da empresa. Neste caso, a retribución en especie cuantificarase polo importe do custo do alugamento asumido polo empregador.

Por último, prorrógase durante o ano 2013 o tratamento que, para o período 2007-2012, se veu aplicando tanto no imposto sobre a renda das persoas físicas como no imposto sobre sociedades, para os gastos e investimentos efectuados nos ditos exercicios para habituar os empregados na utilización das novas tecnoloxías da comunicación e da información, polo impulso que pode proporcionar a un sector relevante da actividade económica.

Finalmente, incrementase a tributación das indemnizacións ou outras retribucións de contía moi elevada derivadas da extinción de relacións laborais ou mercantís mediante a minoración ou, dependendo da súa contía, a eliminación da redución do 40 por cento aplicable cando tivesen un período de xeración superior a dous anos ou se obtivesen de forma notoriamente irregular no tempo.

III

No ámbito do imposto sobre sociedades, introdúcese unha medida de carácter temporal, tendente a limitar parcialmente, para grandes empresas, a amortización fiscalmente deducible correspondente aos períodos impositivos que se inicien dentro dos anos 2013 e 2014 co obxecto de conseguir un incremento recadatorio nesta figura impositiva.

Por outra parte, prorrógase, para o exercicio 2013, a aplicación dun tipo de gravame reducido no imposto sobre sociedades por mantemento ou creación de emprego polas microempresas, polos efectos beneficiosos que pode exercer sobre a actividade económica, medida cuxo correlato no imposto sobre a renda das persoas físicas, en forma de redución do rendemento neto de actividades económicas, igualmente se amplía en canto á súa vixencia.

Ademais, flexibilízanse os criterios específicos que permiten a aplicación do réxime fiscal especial de arrendamento de vivendas, reducíndose o número mínimo de vivendas requirido e o período de tempo en que se deben manter estas en arrendamento, ao tempo que se suprimen os requisitos de tamaño das vivendas. Así mesmo, suprímese o requisito de tamaño de cada vivenda arrendada.

Tamén se modifica o réxime fiscal previsto para contratos de arrendamento financeiro, a través da amortización anticipada de determinados activos, en relación coa axuda estatal SA.34936 (2012/N), co obxecto de dar cumprimento á autorización recibida pola Comisión Europea conforme a cal aquela foi considerada como unha medida xeral e non constitúe unha axuda de Estado de acordo co Tratado de funcionamento da Unión Europea.

Por último, en sintonía coa modificación que se introduce no imposto sobre a renda das persoas físicas, modifícase a fiscalidade das indemnizacións que superen unha determinada contía, a través da súa consideración como gasto non deducible, con independencia de que estean correlacionadas cos ingresos das entidades.

IV

Polos efectos positivos que pode xerar no ámbito empresarial, ao favorecer tanto o financiamento interno como o mellor acceso ao mercado de capitais, establécese a opción, para os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades, os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que realicen actividades económicas e os contribuíntes do imposto sobre a renda de non residentes que operen en territorio español

a través dun establecemento permanente, de realizar unha actualización de balances. Esta actualización monetaria de valores contables, que conta con diversos antecedentes normativos, incorpora técnicas de actualización xa coñecidas e comporta unha carga fiscal reducida.

V

Prorrógase durante o exercicio 2013 a vixencia do imposto sobre o patrimonio, restablecido con carácter temporal, para os anos 2011 e 2012, polo Real decreto lei 13/2011, do 16 de setembro, pois aquela permitirá contribuír ao reforzamento dos ingresos públicos.

VI

En relación co imposto sobre a renda de non residentes, e de modo equivalente ao indicado en relación co imposto sobre a renda das persoas físicas, establécese un gravame especial sobre os premios das lotarías antes citadas.

Ademais, modifícase a configuración do gravame especial sobre bens inmoables de entidades non residentes deixando suxeitas ao dito gravame exclusivamente as entidades residentes nun país ou territorio que teña a consideración de paraíso fiscal.

VII

En materia do imposto sobre o valor engadido, introdúcese, en primeiro termo, unha modificación cun obxectivo meramente clarificador, de sorte que se establece expresamente que constitúe entrega de bens a adxudicación dos inmoables promovidos por comunidades de bens aos seus comuneiros, en proporción á súa participación.

Ademais, no ámbito da base imponible, dispónse que, en operacións a prazos, bastará instar o cobramento dun dos prazos para modificar aquela; así mesmo, introdúcense modificacións técnicas cunha finalidade aclaratoria nos supostos de rectificación de facturas a destinatarios que non actúen como empresarios e profesionais, co obxectivo de que, en caso de pagamento posterior total ou parcial da contraprestación polo destinatario, este non resulte debedor fronte á Facenda pública polo importe da cota do imposto que se entenda incluída no pagamento realizado.

VIII

Para evitar trámites administrativos innecesarios ás administracións públicas que teñen que presentar o documento polo que establezan as anotacións preventivas de embargo ante a Comunidade Autónoma competente, aínda estando exentas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, establécese a non suxeición a documentos administrativos da modalidade de actos xurídicos documentados do mencionado imposto para as anotacións preventivas de embargo ordenadas de oficio pola Administración competente para isto.

IX

En relación cos tributos locais, en primeiro lugar exclúense da exención prevista no imposto sobre bens inmoables para os inmoables integrantes do patrimonio histórico aqueles en que se leven a cabo certas explotacións económicas.

Con isto trátase de evitar o aproveitamento da exención por aqueles que utilizan os inmoables integrantes do citado patrimonio para desenvolver explotacións económicas carentes de interese xeral.

Non obstante, para aumentar a autonomía local, créase unha bonificación potestativa para que os concellos, se así o desexan, poidan continuar beneficiando fiscalmente os ditos inmoables.

Por outro lado, faise extensiva ao imposto sobre bens inmoables e ao imposto sobre actividades económicas a bonificación potestativa aplicable no imposto sobre construcións, instalacións e obras cando se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorreren circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

Con isto poténciase a aludida autonomía local para estimular actividades de especial interese ou utilidade para o municipio.

En relación co imposto sobre actividades económicas, para aqueles establecementos que permanezan abertos durante un período inferior ao ano, aclárase que a redución fixada na súa correspondente rúbrica das tarifas será tamén de aplicación á cota de superficie, e establécese a incompatibilidade entre a aplicación da dita redución e a presentación da baixa por cesamento de actividade.

Por último, incorpóranse melloras técnicas que afectan as notificacións, o informe técnico-económico das taxas e determinados supostos de non suxeición ao imposto sobre bens inmoables.

X

Tamén se introducen diversas medidas en relación coa formación e o mantemento do catastro inmobiliario.

En primeiro lugar, prevese a posibilidade dunha tramitación abreviada do procedemento de inspección catastral, en liña co disposto na Lei xeral tributaria, que permite prescindir do trámite de audiencia previo á proposta de resolución cando se subscriban actas con acordo ou cando nas normas reguladoras do procedemento estea previsto un trámite de alegacións posterior á dita proposta.

Por outro lado, dótase dunha maior flexibilidade a actualización dos valores catastrais por medio das leis de orzamentos xerais do Estado.

Así mesmo, co obxectivo de mellorar a loita contra a fraude fiscal que supón a falta de incorporación ao catastro dos bens inmoables e das súas alteracións físicas, regúlase un novo procedemento de regularización catastral.

E, por último, prevese que a partir da aplicación do citado procedemento de regularización catastral se poida determinar un novo valor catastral para os bens inmoables que contén con construcións en solo de natureza rústica que sexan indispensables para o desenvolvemento das explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais, sen necesidade de que se realice un procedemento de valoración colectiva de carácter xeral no municipio.

XI

No que respecta ao réxime económico e fiscal de Canarias, incorpóranse na Lei reguladora do imposto xeral indirecto canario as recentes modificacións incluídas na Lei do imposto sobre o valor engadido, así como as disposicións para que o réxime sexa uniforme en todo o territorio do Estado.

De igual maneira, coa mesma finalidade, modifícanse os artigos do imposto xeral indirecto canario no concernente ás regras de localización das entregas de bens, a devindicación das entregas de bens e das prestacións de servizos e a base impoñible do imposto.

Por último, derróganse determinadas previsións normativas nas leis reguladoras do réxime económico e fiscal de Canarias en materias que agora son reguladas por unha lei da Comunidade Autónoma como consecuencia da asunción de competencias normativas atribuídas a esta polo Estado.

XII

Créase o imposto sobre os depósitos nas entidades de crédito coa pretensión de asegurar un tratamento fiscal harmonizado que garanta unha maior eficiencia no funcionamento do sistema financeiro.

XIII

Modifícanse determinados aspectos da regulación aplicable ás sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario, as coñecidas como Socimi, entidades que naceron no ano 2009 coa finalidade de crear un novo instrumento de investimento destinado ao mercado inmobiliario do arrendamento, non só de vivendas, senón de calquera inmovible urbano.

O obxectivo que perseguían estas entidades baseábase en dinamizar o mercado do arrendamento de inmobles, establecendo un mecanismo que facilitase a participación dos cidadáns na propiedade inmobiliaria. Para isto, estas figuras trataban de garantir unha rendibilidade estable no investimento no seu capital a través dunha distribución obrigatoria de beneficios e un grao adecuado de liquidez a través da obriga de negociación en mercados regulados destas entidades.

Non obstante, a experiencia demostrou que existe un escaso número de entidades que se acolle a este réxime especial, posiblemente debido aos requisitos exixidos para a súa aplicación, que o converteron nun réxime totalmente inoperativo, polo que resulta necesario realizar unha revisión do marco xurídico destas entidades que permita impulsar a súa constitución, co obxecto de potenciar e dinamizar o mercado inmobiliario español, e proporcionar liquidez aos investimentos inmobiliarios.

Neste sentido, no ámbito substantivo destas entidades, flexibilízanse algúns dos seus requisitos, entre os cales cabe destacar a posibilidade de cotizar nun sistema multilateral de cotización, ou a eliminación dos requisitos relativos ao financiamento alleo, pero sen renunciar aos elementos estruturais de configuración destas entidades, de maneira similar aos existentes en países do noso contorno. Agora ben, a principal novidade sitúase no réxime fiscal a elas aplicable, que se regula de modo semellante ao vixente nos ditos países, a través do establecemento dunha tributación a tipo de gravame do cero por cento, para estas entidades, respecto das rendas que proceden do desenvolvemento do seu obxecto social e finalidade específica.

XIV

Dada a actual situación do mercado de cigarros, resulta preciso incrementar o imposto mínimo que recae sobre eles, ata os 123,97 euros por 1.000 cigarros. Xunto ao establecemento deste novo mínimo aplicable aos paquetes de 20 cigarros vendidos por debaixo de 3,95 euros, inclúese un lixeiro aumento deste mínimo para aqueles elaborados cuxos paquetes de 20 cigarros son vendidos por debaixo dun determinado prezo.

De forma similar ao establecido para os cigarros actualízase o mínimo previsto para os xarutos e xarutiños e a picadura para lear, fixando un similar incremento do mínimo daqueles destes elaborados que son vendidos a prezos inferiores.

CAPÍTULO I

Imposto sobre a renda das persoas físicas**Artigo 1.** *Modificación da dedución por investimento en vivenda habitual.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013 introdúcense as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio:

- Un. Modifícase o número 1 do artigo 67, que queda redactado da seguinte forma:
- «1. A cota líquida estatal do imposto será o resultado de diminuír a cota íntegra estatal no 50 por cento do importe total das deducións previstas no artigo 68 desta lei.»
- Dous. Suprímese o número 1 do artigo 68.
- Tres. Modifícase o número 2 do artigo 69, que queda redactado da seguinte forma:
- «2. Os límites da dedución a que se refire o número 2 do artigo 68 desta lei serán os que estableza a normativa do imposto sobre sociedades para os incentivos e estímulo ao investimento empresarial. Eses límites aplicaranse sobre a cota que resulte de minorar a suma das cotas íntegras, estatal e autonómica, no importe total da dedución por actuacións para a protección e difusión do patrimonio histórico español e das cidades, conxuntos e bens declarados patrimonio mundial, prevista no artigo 68.5 desta lei.»
- Catro. Modifícase o número 1 do artigo 70, que queda redactado da seguinte forma:
- «1. A aplicación da dedución por conta aforro-empresa requirirá que o importe comprobado do patrimonio do contribuínte ao finalizar o período da imposición exceda o valor que reflectise a súa comprobación ao comezo deste polo menos na contía dos investimentos realizados, sen computar os xuros e demais gastos de financiamento.»
- Cinco. Modifícase o número 1 do artigo 77, que queda redactado da seguinte forma:
- «1. A cota líquida autonómica será o resultado de diminuír a cota íntegra autonómica na suma:
- a) Do 50 por cento do importe total das deducións previstas no artigo 68 desta lei, cos límites e requisitos de situación patrimonial previstos nos seus artigos 69 e 70.
- b) Do importe das deducións establecidas pola comunidade autónoma no exercicio das competencias previstas na Lei 22/2009, polo que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.»
- Seis. Suprímese o artigo 78.
- Sete. Modifícase o número 4 do artigo 96, que queda redactado da seguinte forma:
- «4. Estarán obrigados a declarar en todo caso os contribuíntes que teñan dereito a dedución por conta aforro-empresa, por dobre imposición internacional ou que realicen achegas a patrimonios protexidos das persoas con discapacidade, plans de pensións, plans de previsión asegurados ou mutualidades de previsión social, plans de previsión social empresarial e seguros de dependencia que reduzan a base imponible, nas condicións que se establezan regulamentariamente.»
- Oito. Modifícase a disposición adicional vixésimo terceira, que queda redactada da seguinte forma:
- «Disposición adicional vixésimo terceira. *Consideración de vivenda habitual para os efectos de determinadas exencións.*
- Para os efectos previstos nos artigos 7.t), 33.4.b) e 38 desta lei considerarase vivenda habitual aquela en que o contribuínte resida durante un prazo continuado de tres anos. Non obstante, entenderase que a vivenda tivo aquel carácter cando, a pesar de non ter transcorrido o dito prazo, concorran circunstancias que necesariamente exixan o cambio de vivenda, tales como celebración de matrimonio,

separación matrimonial, traslado laboral, obtención de primeiro emprego ou de emprego máis vantaxoso ou outras análogas.

Cando a vivenda fose habitada de maneira efectiva e permanente polo contribuínte no prazo de doce meses, contados a partir da data de adquisición ou terminación das obras, o prazo de tres anos previsto no parágrafo anterior computarase desde esta última data.»

Novo. Engádesse unha nova disposición transitoria décimo oitava, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria décimo oitava. *Dedución por investimento en vivenda habitual.*

1. Poderán aplicar a dedución por investimento en vivenda habitual nos termos previstos no número 2 desta disposición:

a) Os contribuíntes que adquirisen a súa vivenda habitual con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013 ou satisfixesen cantidades con anterioridade á dita data para a súa construción.

b) Os contribuíntes que satisfixesen cantidades con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013 por obras de rehabilitación ou ampliación da vivenda habitual, sempre que as citadas obras estean rematadas antes do 1 de xaneiro de 2017.

c) Os contribuíntes que satisfixesen cantidades para a realización de obras e instalacións de adecuación da vivenda habitual das persoas con discapacidade con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013, sempre e cando as citadas obras ou instalacións estean concluídas antes do 1 de xaneiro de 2017.

En todo caso, resultará necesario que o contribuínte practicase a dedución por investimento en vivenda habitual en relación coas cantidades satisfeitas para a adquisición ou construción desa vivenda nun período impositivo devindicado con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013, salvo que resultase de aplicación o disposto no artigo 68.1.2.^a desta lei na súa redacción vixente en 31 de decembro de 2012.

2. A dedución por investimento en vivenda habitual aplicarase conforme o disposto nos artigos 67.1, 68.1, 70.1, 77.1, e 78 da Lei do imposto, na súa redacción en vigor en 31 de decembro de 2012, sen prexuízo das porcentaxes de dedución que conforme o disposto na Lei 22/2009 fosen aprobadas pola comunidade autónoma.

3. Os contribuíntes que por aplicación do establecido nesta disposición exerzan o dereito á dedución estarán obrigados, en todo caso, a presentar declaración por este imposto e o importe da dedución así calculada minorará o importe da suma da cota íntegra estatal e autonómica do imposto para os efectos previstos no número 2 do artigo 69 desta lei.

4. Os contribuíntes que con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013 depositasen cantidades en contas vivenda destinadas á primeira adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual, sempre que na dita data non transcorrese o prazo de catro anos desde a apertura da conta, poderán sumar á cota líquida estatal e á cota líquida autonómica devindicadas no exercicio 2012 as deducións practicadas ata o exercicio 2011, sen xuros de demora.»

Artigo 2. *Modificación do réxime fiscal aplicable ás ganancias no xogo.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio:

Un. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013, suprímese a letra ñ) do artigo 7.

Dous. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2012, modifícase a letra d) do número 5 do artigo 33, que queda redactada da seguinte forma:

«d) As debidas a perdas no xogo obtidas no período impositivo que excedan as ganancias obtidas no xogo no mesmo período.

En ningún caso se computarán as perdas derivadas da participación nos xogos a que se refire a disposición adicional trixésimo terceira desta lei.»

Tres. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013, modifícase a disposición adicional trixésimo terceira, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional trixésimo terceira. *Gravame especial sobre os premios de determinadas lotarías e apostas.*

1. Estarán suxeitos a este imposto mediante un gravame especial os seguintes premios obtidos por contribuíntes deste imposto:

a) Os premios das lotarías e apostas organizadas pola Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado e polos órganos ou entidades das comunidades autónomas, así como dos sorteos organizados pola Cruz Vermella Española e das modalidades de xogos autorizadas á Organización Nacional de Cegos Españoles.

b) Os premios das lotarías, apostas e sorteos organizados por organismos públicos ou entidades que exerzan actividades de carácter social ou asistencial sen ánimo de lucro establecidos noutros Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo e que persigan obxectivos idénticos aos dos organismos ou entidades sinalados na letra anterior.

O gravame especial exixirase de forma independente respecto de cada décimo, fracción ou cupón de lotaría ou aposta premiados.

2. Estarán exentos do gravame especial os premios cuxo importe íntegro sexa igual ou inferior a 2.500 euros. Os premios cuxo importe íntegro sexa superior a 2.500 euros someteranse a tributación respecto da parte del que exceda o dito importe.

O disposto no parágrafo anterior será de aplicación sempre que a contía do décimo, fracción ou cupón de lotaría, ou da aposta efectuada, sexa de polo menos 0,50 euros. En caso de que sexa inferior a 0,50 euros, a contía máxima exenta sinalada no parágrafo anterior reducirase de forma proporcional.

No suposto de que o premio sexa de titularidade compartida, a contía exenta prevista nos parágrafos anteriores ratearase entre os cotitulares en función da cota que lles corresponda.

3. A base imponible do gravame especial estará formada polo importe do premio que exceda a contía exenta prevista no número 2 anterior. Se o premio fose en especie, a base imponible será aquela contía que, unha vez minorada no importe do ingreso á conta, reflecta a parte do valor de mercado do premio que exceda a contía exenta prevista no número 2 anterior.

No suposto de que o premio sexa de titularidade compartida, a base imponible ratearase entre os cotitulares en función da cota que lles corresponda.

4. A cota íntegra do gravame especial será a resultante de aplicar á base imponible prevista no número 3 anterior o tipo do 20 por cento. A dita cota minorarase no importe das retencións ou ingresos á conta previstos no número 6 desta disposición adicional.

5. O gravame especial devindicarase no momento en que se satisfaga ou aboe o premio obtido.

6. Os premios previstos nesta disposición adicional estarán suxeitos a retención ou ingreso á conta de acordo co disposto nos artigos 99 e 105 desta lei.

A porcentaxe de retención ou ingreso á conta será o 20 por cento. A base de retención ou ingreso á conta virá determinada polo importe da base imponible do gravame especial.

7. Os contribuíntes que obtivesen os premios previstos nesta disposición estarán obrigados a presentar unha autoliquidación por este gravame especial, determinando o importe da débeda tributaria correspondente, e ingresar o seu importe no lugar, forma e prazos que estableza o ministro de Facenda e Administracións Públicas.

Non obstante, non existirá obriga de presentar a citada autoliquidación cando o premio obtido fose de contía inferior ao importe exento previsto no número 2 anterior ou se practicasese retención ou o ingreso á conta conforme o previsto no número 6 anterior.

8. Non se integrarán na base imponible do imposto os premios previstos nesta disposición adicional. As retencións ou ingresos á conta practicados conforme o previsto nela non minorarán a cota líquida total do imposto nin se terán en conta para efectos do previsto no artigo 103 desta lei.

9. O establecido nesta disposición adicional non resultará de aplicación aos premios derivados de xogos celebrados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013.»

Artigo 3. *Modificación do réxime fiscal aplicable ás ganancias e perdas patrimoniais derivadas da transmisión de elementos patrimoniais que permanecesen menos dun ano no patrimonio do contribuínte.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013 introdúcense as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio:

Un. Modifícase a letra b) do artigo 46, que queda redactada da seguinte forma:

«b) As ganancias e perdas patrimoniais que se poñan de manifesto con ocasión de transmisións de elementos patrimoniais adquiridos ou de melloras realizadas neles con máis dun ano de antelación á data de transmisión ou de dereitos de subscripción que correspondan a valores adquiridos, así mesmo, coa mesma antelación.»

Dous. Modifícase o artigo 48, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 48. *Integración e compensación de rendas na base imponible xeral.*

A base imponible xeral será o resultado de sumar os seguintes saldos:

a) O saldo resultante de integrar e compensar entre si, sen limitación ningunha, en cada período impositivo, os rendementos e as imputacións de renda a que se refire o artigo 45 desta lei.

b) O saldo positivo resultante de integrar e compensar, exclusivamente entre si, en cada período impositivo, as ganancias e perdas patrimoniais, excluídas as previstas no artigo seguinte.

Se o resultado da integración e compensación a que se refire este parágrafo reflectise saldo negativo, o seu importe compensarase co saldo positivo das rendas previstas na letra a) deste artigo, obtido no mesmo período impositivo, co límite do 10 por cento do dito saldo positivo.

Se tras esa compensación quedase saldo negativo, o seu importe compensarase nos catro anos seguintes na mesma orde establecida nos parágrafos anteriores.

A compensación deberase efectuar na contía máxima que permita cada un dos exercicios seguintes e sen que se poida practicar fóra do prazo de catro anos mediante a acumulación a perdas patrimoniais de exercicios posteriores.»

Tres. Engádense dous números, 5 e 6, na disposición transitoria sétima, que quedan redactados da seguinte forma:

«5. As perdas patrimoniais a que se refire o artigo 49.1 b) desta lei, na súa redacción en vigor en 31 de decembro de 2012, correspondentes aos períodos impositivos 2009, 2010, 2011 e 2012 que se encontren pendentes de compensación en 1 de xaneiro de 2013, seguiranse compensando co saldo das ganancias e perdas patrimoniais a que se refire o artigo 49.1 b) desta lei.

6. As perdas patrimoniais a que se refire o artigo 48 b) desta lei, na súa redacción en vigor en 31 de decembro de 2012, correspondentes aos períodos impositivos 2009, 2010, 2011 e 2012 que se encontren pendentes de compensación en 1 de xaneiro de 2013, seguiranse compensando na forma prevista na letra b) do artigo 48 desta lei, ben que o límite previsto no segundo parágrafo da letra b) seguirá sendo do 25 por cento. En ningún caso, a compensación efectuada por aplicación do disposto neste número, xunto coa compensación correspondente a perdas patrimoniais de igual natureza xeradas a partir do 1 de xaneiro de 2013, poderá exceder o 25 por cento do saldo positivo das rendas previstas na letra a) do artigo 48 desta lei.»

Artigo 4. *Modificación da regra especial de valoración da retribución en especie derivada da utilización de vivenda.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013 introdúcense as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio:

Un. Modifícase a letra a) do ordinal 1.º do número 1 do artigo 43, que queda redactada da seguinte forma:

«a) No caso de utilización dunha vivenda que sexa propiedade do pagador, o 10 por cento do valor catastral.

No caso de inmobles localizados en municipios en que os valores catastrais fosen revisados ou modificados, ou determinados mediante un procedemento de valoración colectiva de carácter xeral, de conformidade coa normativa catastral, e entrasen en vigor a partir do 1 de xaneiro de 1994, o 5 por cento do valor catastral.

Se na data de devindicación do imposto os inmobles carecesen de valor catastral ou este non fose notificado ao titular, tomarase como base de imputación o 50 por cento daquel polo que se deban computar para efectos do imposto sobre o patrimonio. Nestes casos, a porcentaxe será do 5 por cento.

A valoración resultante non poderá exceder o 10 por cento das restantes contraprestacións do traballo.»

Dous. Modifícase a letra d) do ordinal 1.º do número 1 do artigo 43, que queda redactada da seguinte forma:

«d) Polo custo para o pagador, incluídos os tributos que graven a operación, as seguintes rendas:

As prestacións en concepto de manutención, hospedaxe, viaxes e similares.

As primas ou cotas satisfeitas en virtude de contrato de seguro ou outro similar, sen prexuízo do previsto nas letras e) e f) do número 2 do artigo anterior.

As cantidades destinadas a satisfacer gastos de estudos e manutención do contribuínte ou doutras persoas ligadas a el por vínculo de parentesco, incluídos os afíns, ata o cuarto grao inclusive, sen prexuízo do previsto no número 2 do artigo anterior.

A utilización dunha vivenda que non sexa propiedade do pagador. A valoración resultante non poderá ser inferior á que correspondería de ter aplicado o disposto na letra a) do ordinal 1.º deste número.»

Tres. Engádese unha nova disposición transitoria vixésimo cuarta coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria vixésimo cuarta. *Rendementos do traballo en especie consistentes na utilización de vivenda.*

Durante o período impositivo 2013, os rendementos do traballo en especie derivados da utilización de vivenda cando esta non sexa propiedade do pagador poderanse seguir valorando conforme o disposto na letra a) do ordinal 1.º do número 1 do artigo 43 desta lei na súa redacción en vigor en 31 de decembro de 2012, sempre que a entidade empregadora xa os viñese satisfacendo en relación coa dita vivenda con anterioridade ao 4 de outubro de 2012.»

Artigo 5. *Redución do rendemento neto de actividades económicas por creación ou mantemento de emprego.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013, modifícase a disposición adicional vixésimo sétima da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional vixésimo sétima. *Redución do rendemento neto das actividades económicas por mantemento ou creación de emprego.*

1. En cada un dos períodos impositivos 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013, os contribuíntes que exerzan actividades económicas cuxo importe neto da cifra de negocios para o conxunto delas sexa inferior a 5 millóns de euros e teñan un cadro de persoal medio inferior a 25 empregados, poderán reducir nun 20 por 100 o rendemento neto positivo declarado, minorado, se é o caso, polas reducións previstas no artigo 32 desta lei, correspondente a elas, cando manteñan ou creen emprego.

Para estes efectos, entenderase que o contribuínte mantén ou crea emprego cando en cada un dos citados períodos impositivos o cadro de persoal medio utilizado no conxunto das súas actividades económicas non sexa inferior á unidade e ao cadro de persoal medio do período impositivo 2008.

O importe da redución así calculada non poderá ser superior ao 50 por cento do importe das retribucións satisfeitas no exercicio ao conxunto dos seus traballadores.

A redución aplicarase de forma independente en cada un dos períodos impositivos en que se cumpran os requisitos.

2. Para o cálculo do cadro de persoal medio utilizado a que se refire o número 1 anterior tomaranse as persoas empregadas, nos termos que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa e a duración desa relación laboral respecto do número total de días do período impositivo.

Non obstante, cando o contribuínte non viñese desenvolvendo ningunha actividade económica con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2008 e inicie o seu exercicio no período impositivo 2008, o cadro de persoal medio correspondente a el calcularase tomando en consideración o tempo transcorrido desde o inicio dela.

Cando o contribuínte non viñese desenvolvendo ningunha actividade económica con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2009 e inicie o seu exercicio con posterioridade á dita data, o cadro de persoal medio correspondente ao período impositivo 2008 será cero.

3. Para efectos de determinar o importe neto da cifra de negocios, terase en consideración o establecido no número 3 do artigo 108 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

Cando en calquera dos períodos impositivos a duración da actividade económica fose inferior ao ano, o importe neto da cifra de negocios elevarase ao ano.

4. Cando o contribuínte non viñese desenvolvendo ningunha actividade económica con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2009 e inicie o seu exercicio en 2009, 2010, 2011, 2012 ou 2013, e o cadro de persoal medio correspondente ao período impositivo en que se inicie esta sexa superior a cero e inferior á unidade, a redución establecida no número 1 desta disposición adicional aplicarase no período impositivo de inicio da actividade coa condición de que no período impositivo seguinte o cadro de persoal medio non sexa inferior á unidade.

O incumprimento do requisito a que se refire o parágrafo anterior motivará a non aplicación da redución no período impositivo de inicio da súa actividade económica, e deberá presentar unha autoliquidación complementaria, cos correspondentes xuros de demora, no prazo que medie entre a data en que se incumpra o requisito e a finalización do prazo regulamentario de declaración correspondente ao período impositivo en que se produza ese incumprimento.»

Artigo 6. *Gastos e investimentos para habituar os empregados na utilización das novas tecnoloxías da comunicación e da información.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio:

Un. O número 1 da disposición adicional vixésimo quinta queda redactado da seguinte forma:

«1. Os gastos e investimentos efectuados durante os anos 2007, 2008, 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013 para habituar os empregados na utilización das novas tecnoloxías da comunicación e da información, cando a súa utilización só se poida realizar fóra do lugar e horario de traballo, terá o seguinte tratamento fiscal:

a) Imposto sobre a renda das persoas físicas: os ditos gastos e investimentos terán a consideración de gastos de formación nos termos previstos no artigo 42.2.b desta lei.

b) Imposto sobre sociedades: os ditos gastos e investimentos darán dereito á aplicación da dedución prevista no artigo 40 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004.»

Dous. A disposición transitoria vixésima queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria vixésima. *Gastos e investimentos para habituar os empregados na utilización das novas tecnoloxías da comunicación e da información.*

Sen prexuízo do establecido na disposición derogatoria segunda desta lei, o artigo 40 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, prorrogará a súa vixencia durante os anos 2011, 2012 e 2013 para os gastos e investimentos para habituar os empregados na utilización das novas tecnoloxías da comunicación e da información.»

CAPÍTULO II

Imposto sobre sociedades**Artigo 7.** *Limitación ás amortizacións fiscalmente deducibles no imposto sobre sociedades.*

A amortización contable do inmovilizado material, intanxible e dos investimentos inmobiliarios correspondente aos períodos impositivos que se inicien dentro dos anos 2013 e 2014 para aquelas entidades que, neles, non cumpran os requisitos establecidos nos números 1, 2 ou 3 do artigo 108 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, deducirase na base imponible ata o 70 por cento daquela que resultase fiscalmente deducible de non se aplicar a referida porcentaxe, de acordo cos números 1 e 4 do artigo 11 da dita lei.

A limitación prevista neste artigo resultará igualmente de aplicación en relación coa amortización que resultase fiscalmente deducible respecto daqueles bens que se amorticen segundo o establecido nos artigos 111, 113 ou 115 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, cando o suxeito pasivo non cumpra os requisitos establecidos nos números 1, 2 ou 3 do artigo 108 da dita lei no período impositivo correspondente.

A amortización contable que non resulte fiscalmente deducible en virtude do disposto neste artigo deducirase de forma lineal durante un prazo de 10 anos ou opcionalmente durante a vida útil do elemento patrimonial, a partir do primeiro período impositivo que se inicie dentro do ano 2015.

Non terá a consideración de deterioración a amortización contable que non resulte fiscalmente deducible como consecuencia da aplicación do disposto neste artigo.

O previsto neste artigo non resultará de aplicación respecto daqueles elementos patrimoniais que fosen obxecto dun procedemento específico de comunicación ou de autorización, por parte da Administración tributaria, en relación coa súa amortización.

Artigo 8. *Tipo de gravame reducido no imposto sobre sociedades por mantemento ou creación de emprego.*

Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2013, modifícase a disposición adicional décimo segunda do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décimo segunda. *Tipo de gravame reducido no imposto sobre sociedades por mantemento ou creación de emprego.*

1. Nos períodos impositivos iniciados dentro dos anos 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013, as entidades cuxo importe neto da cifra de negocios habida neses períodos sexa inferior a 5 millóns de euros e o cadro de persoal medio neles sexa inferior a 25 empregados, tributarán conforme a seguinte escala, excepto se de acordo co previsto no artigo 28 desta lei deban tributar a un tipo diferente do xeral:

a) Pola parte de base imponible comprendida entre 0 e 120.202,41 euros, ao tipo do 20 por cento.

Nos períodos impositivos iniciados dentro dos anos 2011, 2012 e 2013, ese tipo aplicarase sobre a parte de base imponible comprendida entre 0 e 300.000 euros.

b) Pola parte de base imponible restante, ao tipo do 25 por cento.

Cando o período impositivo teña unha duración inferior ao ano, aplicarase o establecido no último parágrafo do artigo 114 desta lei.

2. A aplicación da escala a que se refire o número anterior está condicionada a que durante os doce meses seguintes ao inicio de cada un deses períodos impositivos o cadro de persoal medio da entidade non sexa inferior á unidade e,

ademais, tampouco sexa inferior ao cadro de persoal medio dos doce meses anteriores ao inicio do primeiro período impositivo que comece a partir do 1 de xaneiro de 2009.

Cando a entidade se constituíse dentro dese prazo anterior de doce meses, tomarase o cadro de persoal medio que resulte dese período.

Os requisitos para a aplicación da escala computaranse de forma independente en cada un deses períodos impositivos.

En caso de incumprimento da condición establecida neste número, procederá realizar a regularización na forma establecida no número 5 desta disposición adicional.

3. Para o cálculo do cadro de persoal medio da entidade tomaranse as persoas empregadas, nos termos que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa.

Computarase que o cadro de persoal medio dos doce meses anteriores ao inicio do primeiro período impositivo que comece a partir do 1 de xaneiro de 2009 é cero cando a entidade se constituíse a partir desa data.

4. Para efectos de determinar o importe neto da cifra de negocios, terase en consideración o establecido no número 3 do artigo 108 desta lei.

Cando a entidade sexa de nova creación, ou algún dos períodos impositivos a que se refire o número 1 desta disposición adicional tivese unha duración inferior ao ano, ou ben a actividade se desenvolvese durante un prazo tamén inferior, o importe neto da cifra de negocios elevarase ao ano.

5. Cando a entidade se constituíse dentro dos anos 2009, 2010, 2011, 2012 ou 2013 e o cadro de persoal medio nos doce meses seguintes ao inicio do primeiro período impositivo sexa superior a cero e inferior á unidade, a escala establecida no número 1 desta disposición adicional aplicarase no período impositivo de constitución da entidade coa condición de que nos doce meses posteriores á conclusión dese período impositivo o cadro de persoal medio non sexa inferior á unidade.

Cando se incumpra esa condición, o suxeito pasivo deberá ingresar xunto coa cota do período impositivo en que teña lugar o incumprimento o importe resultante de aplicar o 5 por cento á base imponible do referido primeiro período impositivo, ademais dos xuros de demora.

6. Cando ao suxeito pasivo lle sexa de aplicación a modalidade de pagamento fraccionado establecida no número 3 do artigo 45 desta lei, a escala a que se refire o número 1 anterior non será de aplicación na cuantificación dos pagamentos fraccionados.»

CAPÍTULO III

Actualización de balances

Artigo 9. *Actualización de balances.*

1. Os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades, os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que realicen actividades económicas, que leven a súa contabilidade conforme o Código de comercio ou estean obrigados a levar os libros rexistro da súa actividade económica, e os contribuíntes do imposto sobre a renda de non residentes con establecemento permanente, poderanse acoller, con carácter voluntario, á actualización de valores regulada na presente disposición.

No caso de suxeitos pasivos que tributen no réxime de consolidación fiscal, de acordo co establecido no capítulo VII do título VII do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, as operacións de actualización practícaranse en réxime individual.

2. Serán actualizables os elementos do inmovilizado material e dos investimentos inmobiliarios situados tanto en España como no estranxeiro. Tratándose de contribuíntes do imposto sobre a renda de non residentes con establecemento permanente, os elementos actualizables deberán estar afectos ao dito establecemento permanente.

Tamén serán actualizables:

a) Os elementos do inmovilizado material e dos investimentos inmobiliarios adquiridos en réxime de arrendamento a que se refire o número 1 da disposición adicional sétima da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito. Os efectos da actualización estarán condicionados, con carácter resolutorio, ao exercicio da opción de compra.

b) Os elementos patrimoniais correspondentes a acordos de concesión rexistrados como activo intanxible polas empresas concesionarias que deban aplicar os criterios contables establecidos pola Orde EHA/3362/2010, do 23 de decembro, pola que se aproban as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás empresas concesionarias de infraestruturas públicas.

A actualización referirase necesariamente a todos os seus elementos susceptibles e ás correspondentes amortizacións, salvo no caso dos inmobles, respecto aos cales se poderá optar pola súa actualización de forma independente para cada un deles. No caso de inmobles, a actualización deberase realizar distinguindo entre o valor do solo e o da construción.

No caso de contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas, os elementos actualizables deberán estar afectos á actividade económica.

3. A actualización de valores practicarase respecto dos elementos susceptibles de actualización que figuren no primeiro balance cerrado con posterioridade á entrada en vigor da presente disposición, ou nos correspondentes libros rexistro en 31 de decembro de 2012 no caso de contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que estean obrigados polo dito imposto ao seu mantemento, sempre que non estean fiscalmente amortizados na súa totalidade. Para estes efectos, tomaranse, como mínimo, as amortizacións que se deberon realizar co dito carácter.

O importe das revalorizacións contables que resulten das operacións de actualización levarase á conta «reserva de revalorización da Lei 16/2012, do 27 de decembro», que formará parte dos fondos propios. Tratándose de contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que estean obrigados a levar os libros rexistro da súa actividade económica, o importe da revalorización contable deberase reflectir no libro rexistro de bens de investimento.

As operacións de actualización realizaranse dentro do período comprendido entre a data de peche do balance a que se refire o parágrafo primeiro deste número e o día en que remate o prazo para a súa aprobación. Tratándose de persoas xurídicas, o balance actualizado deberá estar aprobado polo órgano social competente. No caso de contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas, as operacións de actualización realizaranse dentro do período comprendido entre o 31 de decembro de 2012 e a data de finalización do prazo de presentación da declaración polo dito imposto correspondente ao período impositivo 2012.

4. Non se poderán acoller á presente disposición as operacións de incorporación de elementos patrimoniais non rexistrados nos libros de contabilidade, ou nos libros rexistro correspondentes no caso de contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que estean obrigados polo dito imposto ao seu mantemento, nin as de eliminación dos ditos libros dos pasivos inexistentes.

5. As operacións de actualización practicaranse aplicando os seguintes coeficientes:

Coeficiente

Con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1984.	2,2946
No exercicio 1984.	2,0836
No exercicio 1985.	1,9243

No exercicio 1986.....	1,8116
No exercicio 1987.....	1,7258
No exercicio 1988.....	1,6487
No exercicio 1989.....	1,5768
No exercicio 1990.....	1,5151
No exercicio 1991.....	1,4633
No exercicio 1992.....	1,4309
No exercicio 1993.....	1,4122
No exercicio 1994.....	1,3867
No exercicio 1995.....	1,3312
No exercicio 1996.....	1,2679
No exercicio 1997.....	1,2396
No exercicio 1998.....	1,2235
No exercicio 1999.....	1,2150
No exercicio 2000.....	1,2089
No exercicio 2001.....	1,1839
No exercicio 2002.....	1,1696
No exercicio 2003.....	1,1499
No exercicio 2004.....	1,1389
No exercicio 2005.....	1,1238
No exercicio 2006.....	1,1017
No exercicio 2007.....	1,0781
No exercicio 2008.....	1,0446
No exercicio 2009.....	1,0221
No exercicio 2010.....	1,0100
No exercicio 2011.....	1,0100
No exercicio 2012.....	1,0000

Os coeficientes aplicaranse da seguinte maneira:

- Sobre o prezo de adquisición ou custo de produción, atendendo ao ano de adquisición ou produción do elemento patrimonial. O coeficiente aplicable ás melloras será o correspondente ao ano en que se realizaron.
- Sobre as amortizacións contables correspondentes ao prezo de adquisición ou custo de produción que foron fiscalmente deducibles, atendendo ao ano en que se realizaron.

Tratándose de elementos patrimoniais actualizados de acordo co previsto no artigo 5 do Real decreto lei 7/1996, do 7 de xuño, os coeficientes aplicaranse sobre o prezo de adquisición e sobre as amortizacións que foron fiscalmente deducibles correspondentes a este, sen tomar en consideración o importe do incremento neto de valor resultante das operacións de actualización.

No caso de entidades de crédito e aseguradoras, para efectos da aplicación deste número, non se terán en conta as revalorizacións dos inmobles que se puidesen realizar como consecuencia da primeira aplicación, respectivamente, da Circular 4/2004, do 22 de decembro, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada e modelos de estados financeiros, e do Real decreto 1317/2008, do 24 de xullo, polo que se aproba o Plan de contabilidade das entidades aseguradoras, e que non tiveron incidencia fiscal.

6. A diferenza entre as cantidades determinadas por aplicación do establecido no número anterior minorarase no importe do valor neto anterior do elemento patrimonial e ao resultado aplicarase, en canto proceda, un coeficiente que virá determinado por:

- No numerador: o patrimonio neto.
- No denominador: o patrimonio neto máis pasivo total menos os dereitos de crédito e a tesouraría.

As magnitudes determinantes do coeficiente serán as habidas durante o tempo de tenza do elemento patrimonial ou nos cinco exercicios anteriores á data do balance de actualización, se este último prazo for menor, á elección do suxeito pasivo ou contribuínte. Este coeficiente non se aplicará cando resulte superior a 0,4.

Para determinar o valor anterior do elemento patrimonial actualizado tomaranse os valores que fosen considerados para os efectos de aplicar os coeficientes de actualización a que se refire este número, incluídas as amortizacións.

O coeficiente a que se refire este número non será de aplicación aos contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas.

7. O importe que resulte das operacións descritas no número anterior minorarase no incremento neto de valor derivado das operacións de actualización previstas no Real decreto lei 7/1996, sendo a diferenza positiva así determinada o importe da depreciación monetaria ou incremento neto de valor do elemento patrimonial actualizado. O dito importe aboarase á conta «reserva de revalorización da Lei 16/2012, do 27 de decembro», e sumado ao valor anterior á realización das operacións de actualización que resulten de aplicación da presente disposición determinará o novo valor do elemento patrimonial actualizado.

O novo valor actualizado non poderá exceder o valor de mercado do elemento patrimonial actualizado, tendo en conta o seu estado de uso en función dos desgastes técnicos e económicos e da utilización que deles faga o suxeito pasivo ou contribuínte.

O saldo da conta «reserva de revalorización da Lei 16/2012, do 27 de decembro» non poderá ter carácter debedor, nin en relación co conxunto das operacións de actualización nin en relación coa actualización dalgún elemento patrimonial.

O incremento neto de valor resultante das operacións de actualización amortizarase, a partir do primeiro período impositivo que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2015, durante aqueles que resten para completar a vida útil do elemento patrimonial, nos mesmos termos que corresponde ás renovacións, ampliacións ou melloras.

8. Os suxeitos pasivos ou os contribuíntes que practiquen a actualización deberán satisfacer un gravame único do 5 por cento sobre o saldo acredor da conta «reserva de revalorización da Lei 16/2012, do 27 de decembro». Tratándose de contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que estivesen obrigados a levar os libros rexistro da súa actividade económica, o gravame único recaerá sobre o incremento neto de valor dos elementos patrimoniais actualizados.

Entenderase realizado o feito impositivo do gravame único, no caso de persoas xurídicas, cando o balance actualizado o aprobe o órgano competente e, no caso de persoas físicas, cando se formule o balance actualizado. Tratándose de contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que estivesen obrigados a levar os libros rexistro da súa actividade económica, o feito impositivo entenderase realizado o día 31 de decembro de 2012.

O gravame único será exigible o día que se presente a declaración relativa ao período impositivo a que corresponda o balance en que constan as operacións de actualización. Tratándose de contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas, o gravame único será exigible o día que se presente a declaración correspondente ao período impositivo 2012.

Este gravame autoliquidarase e ingresarase conxuntamente coa declaración do imposto sobre sociedades ou do imposto sobre a renda de non residentes relativa ao período impositivo a que corresponda o balance en que constan as operacións de actualización, ou do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao período impositivo 2012. Na dita declaración constará o balance actualizado e a información complementaria que determine o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. A presentación da declaración fóra de prazo será causa invalidante das operacións de actualización.

O importe do gravame único non terá a consideración de cota do imposto sobre sociedades, do imposto sobre a renda das persoas físicas nin do imposto sobre a renda de non residentes, o seu importe cargarase na conta «reserva de revalorización da Lei 16/2012, do 27 de decembro», e non terá a consideración de gasto fiscalmente deducible dos citados impostos.

O gravame único terá a consideración de débeda tributaria.

O modelo de declaración deste gravame único aprobarase por orde ministerial do ministro de Facenda e Administracións Públicas.

9. O saldo da conta «reserva de revalorización da Lei 16/2012, do 27 de decembro» non se integrará na base imponible do imposto sobre sociedades, do imposto sobre a renda das persoas físicas nin do imposto sobre a renda de non residentes.

10. O saldo da conta «reserva de revalorización da Lei 16/2012, do 27 de decembro» será indisponible ata que sexa comprobado e aceptado pola Administración tributaria. A dita comprobación deberase realizar dentro dos tres anos seguintes á data de presentación da declaración a que se refire o número 8 anterior. Para estes efectos, non se entenderá que se dispuxo do saldo da conta, sen prexuízo da obriga de información prevista no número 12 deste artigo, nos seguintes casos:

- a) Cando o socio ou accionista exerza o seu dereito a separarse da sociedade.
- b) Cando o saldo da conta se elimine, total ou parcialmente, como consecuencia de operacións ás cales sexa de aplicación o réxime especial das fusións, escisións, achegas de activos, troca de valores e cambio de domicilio social dunha sociedade europea ou unha sociedade cooperativa europea, dun Estado membro a outro da Unión Europea, previsto no capítulo VIII do título VII do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.
- c) Cando a entidade deba aplicar o saldo da conta en virtude dunha obriga de carácter legal.

En caso de minoración do saldo da conta «reserva de revalorización da Lei 16/2012, do 27 de decembro», como consecuencia da comprobación administrativa, devolverase, de oficio, o importe do gravame único que corresponda ao saldo minorado. Esta mesma regra aplicarase en caso de minoración do incremento neto do valor, tratándose de persoas físicas.

Unha vez efectuada a comprobación ou transcorrido o prazo para efectuala, o saldo da conta poderase destinar á eliminación de resultados contables negativos, á ampliación de capital social ou, transcorridos dez anos contados a partir da data de peche do balance en que se reflectiron as operacións de actualización, a reservas de libre disposición. Non obstante, o referido saldo só poderá ser obxecto de distribución, directa ou indirectamente, cando os elementos patrimoniais actualizados estean totalmente amortizados, fosen transmitidos ou dados de baixa no balance.

As ditas reservas darán dereito á dedución por dobre imposición de dividendos prevista no artigo 30 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo. Igualmente, dará dereito á exención prevista na letra e) do artigo 7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

A aplicación do saldo da conta «reserva de revalorización da Lei 16/2012, do 27 de decembro» a finalidades distintas das previstas neste número ou antes de se efectuar a comprobación ou de que transcorra o prazo para efectuala, determinará a integración do referido saldo na base imponible do período impositivo en que a dita aplicación se produza, sen que se poidan compensar co dito saldo as bases impositivas negativas de períodos impositivos anteriores.

O previsto neste número en relación coa indisponibilidade da conta «reserva de revalorización da Lei 16/2012, do 27 de decembro», e co destino do saldo da citada conta, non será de aplicación aos contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas.

11. As perdas habidas na transmisión ou deterioracións de valor de elementos patrimoniais actualizados minoraranse, para os efectos da súa integración na base imponible, no importe do saldo da conta «reserva de revalorización da Lei 16/2012, do 27 de decembro», correspondente aos ditos elementos. O dito saldo será dispoñible.

O disposto neste número non será de aplicación aos contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas.

12. Deberase incluír na memoria das contas anuais correspondentes aos exercicios en que os elementos actualizados se achen no patrimonio da entidade información relativa aos seguintes aspectos:

- a) Criterios empregados na actualización con indicación dos elementos patrimoniais afectados das contas anuais afectadas.
- b) Importe da actualización dos distintos elementos actualizados do balance e efecto da actualización sobre as amortizacións.
- c) Movements durante o exercicio da conta «reserva de revalorización da Lei 16/2012, do 27 de decembro», e explicación da causa xustificativa da súa variación.

O incumprimento das obrigas establecidas neste número terá a consideración de infracción tributaria grave. A sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 200 euros por cada dato omitido, en cada un dos primeiros catro anos en que non se inclúa a información, e de 1.000 euros por cada dato omitido, en cada un dos anos seguintes, co límite do 50 por cento do saldo total da conta «reserva de revalorización da Lei 16/2012, do 27 de decembro». Esta sanción reducirase conforme o disposto no número 3 do artigo 188 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Non obstante, o incumprimento substancial das obrigas de información previstas neste número determinará a integración do saldo da conta «reserva de revalorización da Lei 16/2012, do 27 de decembro» na base impositiva do primeiro período impositivo máis antigo de entre os non prescritos en que o dito incumprimento se produza, sen que se poidan compensar co dito saldo as bases impositivas negativas de períodos impositivos anteriores.

CAPÍTULO IV

Imposto sobre o patrimonio

Artigo 10. *Imposto sobre o patrimonio durante 2013.*

Modifícase o punto segundo do artigo único do Real decreto lei 13/2011, do 16 de setembro, polo que se restablece o imposto sobre o patrimonio, con carácter temporal, que queda redactado da seguinte forma:

«Segundo. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2014, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio:

Un. Modifícase o artigo 33, que queda redactado da seguinte forma:

“Artigo 33. *Bonificación xeral da cota íntegra.*

Sobre a cota íntegra do imposto aplicarase unha bonificación do 100 por cento aos suxeitos pasivos por obriga persoal ou real de contribuír.”

Dous. Derróganse os artigos 6, 36, 37 e 38.»

CAPÍTULO V

Imposto sobre a renda de non residentes**Artigo 11.** *Gravame especial sobre os premios de determinadas lotarías e apostas.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013 engádese unha disposición adicional quinta no texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional quinta. *Gravame especial sobre os premios de determinadas lotarías e apostas.*

1. Estarán suxeitos a este imposto mediante un gravame especial os premios incluídos no número 1.a) da disposición adicional trixésimo terceira da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, nos termos establecidos nela, obtidos por contribuíntes sen mediación de establecemento permanente, e coas especialidades establecidas a continuación.

2. Os premios previstos nesta disposición adicional estarán suxeitos a retención ou ingreso á conta nos termos previstos no artigo 31 deste texto refundido. Así mesmo, existirá obriga de practicar retención ou ingreso á conta cando o premio estea exento en virtude do disposto nun convenio para evitar a dobre imposición que resulte aplicable.

A porcentaxe de retención ou ingreso á conta será o 20 por cento. A base de retención ou ingreso á conta virá determinada polo importe da base imponible do gravame especial.

3. Os contribuíntes por este imposto que obteñan os premios previstos nesta disposición estarán obrigados a presentar unha declaración por este gravame especial, determinando o importe da débeda tributaria correspondente, e ingresar o seu importe no lugar, forma e prazos que estableza o ministro de Facenda e Administracións Públicas.

Non obstante, non existirá obriga de presentar a citada declaración cando o premio obtido fose de contía inferior ao importe exento ou se practicasen en relación con el a retención ou o ingreso á conta previsto no número 2 anterior.

4. Cando se ingresasen no Tesouro cantidades, ou soporten retencións á conta por este gravame especial, en contías superiores ás que deriven da aplicación dun convenio para evitar a dobre imposición, poderase solicitar a dita aplicación e a devolución conseguinte, nas condicións que se establezan regulamentariamente.

A Administración tributaria poderá facilitar ao Estado de residencia do contribuínte os datos incluídos na dita solicitude de devolución, nos termos e cos límites establecidos na normativa sobre asistencia mutua.

5. No ámbito do imposto sobre a renda de non residentes, os premios previstos nesta disposición adicional, obtidos por contribuíntes sen mediación de establecemento permanente, só poderán ser gravados por este gravame especial.»

CAPÍTULO VI

Imposto sobre o valor engadido

Artigo 12. *Modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido:

Un. Modifícase o ordinal 2.º do número dous do artigo 8, que queda redactado da seguinte forma:

«2.º As achegas non en diñeiro efectuadas polos suxeitos pasivos do imposto de elementos do seu patrimonio empresarial ou profesional a sociedades ou comunidades de bens ou a calquera outro tipo de entidades e as adxudicacións desta natureza en caso de liquidación ou disolución total ou parcial daquelas, sen prexuízo da tributación que proceda conforme as normas reguladoras dos conceptos “actos xurídicos documentados” e “operacións societarias” do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

En particular, considerarase entrega de bens a adxudicación de terreos ou edificacións promovidos por unha comunidade de bens realizada en favor dos comuneiros, en proporción á súa cota de participación.»

Dous. Modifícanse os números catro e cinco do artigo 80, que quedan redactados da seguinte forma:

«Catro. A base imponible tamén se poderá reducir proporcionalmente cando os créditos correspondentes ás cotas repercutidas polas operacións gravadas sexan total ou parcialmente incobrables. Para estes efectos:

A) Un crédito considerarase total ou parcialmente incobrible cando reúna as seguintes condicións:

1.ª Que transcorrese un ano desde a devindicación do imposto repercutido sen que se obtivese o cobramento de todo ou parte do crédito derivado del.

Non obstante, cando se trate de operacións a prazos ou con prezo aprazado, deberá ter transcorrido un ano desde o vencemento do prazo ou prazos impagados co fin de proceder á redución proporcional da base imponible. Para estes efectos, consideraranse operacións a prazos ou con prezo aprazado aquelas en que se pactase que a súa contraprestación se deba facer efectiva en pagamentos sucesivos ou nun só, respectivamente, sempre que o período transcorrido entre a devindicación do imposto repercutido e o vencemento do último ou único pagamento sexa superior a un ano.

Cando o titular do dereito de crédito cuxa base imponible se pretende reducir sexa un empresario ou profesional cuxo volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 121 desta lei, non excedese durante o ano natural inmediato anterior 6.010.121,04 euros, o prazo dun ano a que se refire esta condición 1.ª será de seis meses.

2.ª Que esta circunstancia quedase reflectida nos libros rexistro exixidos para este imposto.

3.ª Que o destinatario da operación actúe na condición de empresario ou profesional, ou, noutro caso, que a base imponible daquela, imposto sobre o valor engadido excluído, sexa superior a 300 euros.

4.ª Que o suxeito pasivo instase o seu cobramento mediante reclamación xudicial ao debedor ou por medio de requirimento notarial, mesmo cando se trate de créditos afianzados por entes públicos.

Cando se trate das operacións a prazos a que se refire a condición 1ª anterior, resultará suficiente instar o cobramento dun deles mediante reclamación xudicial ao debedor ou por medio de requirimento notarial a este para proceder á modificación da base impositiva na proporción que corresponda polo prazo ou prazos impagados.

Cando se trate de créditos debidos por entes públicos, a reclamación xudicial ou o requirimento notarial a que se refire a condición 4.ª anterior substituirase por unha certificación expedida polo órgano competente do ente público debedor, de acordo co informe do interventor ou tesoureiro daquel en que conste o recoñecemento da obriga ao seu cargo e a súa contía.

B) A modificación deberase realizar no prazo dos tres meses seguintes á finalización do período dun ano a que se refire a condición 1.ª anterior e comunicarse á Axencia Estatal de Administración Tributaria no prazo que se fixe regulamentariamente.

Cando o titular do dereito de crédito cuxa base impositiva se pretende reducir sexa un empresario ou profesional cuxo volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 121 desta lei, non excedese durante o ano natural inmediato anterior 6.010.121,04 euros, o prazo dun ano a que se refire o parágrafo anterior será de seis meses.

C) Unha vez practicada a redución da base impositiva, esta non se volverá modificar á alza aínda que o suxeito pasivo obtivese o cobramento total ou parcial da contraprestación, salvo cando o destinatario non actúe na condición de empresario ou profesional. Neste caso, entenderase que o imposto sobre o valor engadido está incluído nas cantidades percibidas e na mesma proporción que a parte de contraprestación percibida.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando o suxeito pasivo desista da reclamación xudicial ao debedor ou chegue a un acordo de cobramento con el con posterioridade ao requirimento notarial efectuado, como consecuencia deste ou por calquera outra causa, deberá modificar novamente a base impositiva á alza mediante a expedición, no prazo dun mes contado desde a desistencia ou desde o acordo de cobramento, respectivamente, dunha factura rectificativa en que se repercuta a cota procedente.

Cinco. En relación cos supostos de modificación da base impositiva comprendidos nos números tres e catro anteriores, aplicaranse as seguintes regras:

1.ª Non procederá a modificación da base impositiva nos casos seguintes:

- a) Créditos que gocen de garantía real, na parte garantida.
- b) Créditos afianzados por entidades de crédito ou sociedades de garantía recíproca ou cubertos por un contrato de seguro de crédito ou de caución, na parte afianzada ou asegurada.
- c) Créditos entre persoas ou entidades vinculadas definidas no artigo 79, número cinco, desta lei.
- d) Créditos debidos ou afianzados por entes públicos.

O disposto nesta letra d) non se aplicará á redución da base impositiva realizada de acordo co número catro do artigo 80 desta lei para os créditos que se consideren total ou parcialmente incobrables, sen prexuízo da necesidade de cumprir co requisito de acreditación documental do impagamento a que se refire a condición 4.ª do dito precepto.

2.ª Tampouco procederá a modificación da base impositiva cando o destinatario das operacións non estea establecido no territorio de aplicación do imposto, nin en Canarias, Ceuta ou Melilla.

3.^a Tampouco procederá a modificación da base imponible de acordo co número catro do artigo 80 desta lei con posterioridade ao auto de declaración de concurso para os créditos correspondentes a cotas repercutidas por operacións cuxa devindicación se produza con anterioridade ao dito auto.

4.^a Nos supostos de pagamento parcial anteriores á citada modificación, entenderase que o imposto sobre o valor engadido está incluído nas cantidades percibidas e na mesma proporción que a parte de contraprestación satisfeita.

5.^a A rectificación das deducións do destinatario das operacións, que se deberá practicar segundo o disposto no artigo 114, número dous, ordinal 2.º, segundo parágrafo, desta lei, determinará o nacemento do correspondente crédito en favor da Facenda pública.

Se o destinatario das operacións suxeitas non tivo dereito á dedución total do imposto, resultará tamén debedor fronte á Facenda pública polo importe da cota do imposto non deducible. No suposto de que o destinatario non actúe na condición de empresario ou profesional e na medida en que non satisfíxese a dita débeda, resultará de aplicación o establecido no número Catro.C) anterior.»

CAPÍTULO VII

Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados

Artigo 13. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro.*

Modifícase o número 2 do artigo 40 do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro, que queda redactado da seguinte forma:

«2. As anotacións preventivas que se practiquen nos rexistros públicos, cando teñan por obxecto un dereito ou interese valuable e non veñan ordenadas de oficio pola autoridade xudicial ou administrativa competente.»

CAPÍTULO VIII

Tributos locais

Artigo 14. *Modificación do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013 introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo:

Un. Modifícase o artigo 25, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 25. *Acordos de establecemento de taxas: informe técnico-económico.*

Os acordos de establecemento de taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, ou para financiar total ou parcialmente os novos servizos, deberanse adoptar á vista de informes técnico-económicos en que se poña de manifesto o valor de mercado ou a previsible cobertura do custo daqueles, respectivamente. O dito informe incorporárase ao expediente para a adopción do correspondente acordo.

Non resultará preciso xuntar o informe técnico-económico a que se refire o parágrafo anterior cando se trate da adopción de acordos motivados por revalorizacións ou actualizacións de carácter xeral nin nos supostos de diminución do importe das taxas, salvo no caso de redución substancial do custo do servizo correspondente.

Para efectos do disposto no parágrafo anterior, considerarase que a redución é substancial cando se prevea que a diminución do custo do servizo vaia ser superior ao 15 por cento do custo do servizo previsto no estudo técnico-económico previo ao acordo de establecemento ou de modificación substancial inmediato anterior. Para xustificar a falta do informe técnico-económico, o órgano xestor do gasto deberá deixar constancia no expediente para a adopción do acordo de modificación dunha declaración expresiva do carácter non substancial da redución.»

Dous. Modifícase a letra a) do número 5 do artigo 61, que queda redactada da seguinte forma:

«a) As estradas, os camiños, as demais vías terrestres e os bens do dominio público marítimo-terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuíto para os usuarios.»

Tres. Modifícase a letra b) do número 2 do artigo 62, que queda redactada da seguinte forma:

«b) Os declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante real decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, e inscritos no rexistro xeral a que se refire o seu artigo 12 como integrantes do patrimonio histórico español, así como os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta da dita lei.

Esta exención non alcanzará calquera clase de bens urbanos situados dentro do perímetro delimitativo das zonas arqueolóxicas e sitios e conxuntos históricos, globalmente integrados neles, senón, exclusivamente, os que reúnan as seguintes condicións:

En zonas arqueolóxicas, os incluídos como obxecto de especial protección no instrumento de planeamento urbanístico a que se refire o artigo 20 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

En sitios ou conxuntos históricos, os que contén cunha antigüidade igual ou superior a cincuenta anos e estean incluídos no catálogo previsto no Real decreto 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana, como obxecto de protección integral nos termos previstos no artigo 21 da Lei 16/1985, do 25 de xuño.

Non estarán exentos os bens inmobles a que se refire esta letra b) cando estean afectos a explotacións económicas, salvo que lles resulte de aplicación algún dos supostos de exención previstos na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, ou que a suxeición ao imposto a título de contribuínte recaia sobre o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, ou sobre organismos autónomos do Estado ou entidades de dereito público de análogo carácter das comunidades autónomas e das entidades locais. »

Catro. Engádense dous novos números no artigo 74, que quedan redactados da seguinte forma:

«2 ter. Os concellos mediante ordenanza poderán regular unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto a favor dos bens inmoables excluídos da exención a que se refire o último parágrafo da letra b) do número 2 do artigo 62 desta lei.

2 quáter. Os concellos mediante ordenanza poderán regular unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto a favor de inmoables nos cales se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorreren circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ao pleno da corporación e acordarse, logo de solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.»

Cinco. Engádense unha letra e) no número 2 do artigo 88, que queda redactada da seguinte forma:

«e) Unha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorreren circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ao pleno da corporación e acordarse, logo de solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, se for o caso, as bonificacións a que se refiren o número 1 deste artigo e os parágrafos anteriores deste número.»

Seis. Engádense unha disposición adicional décimo terceira, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décimo terceira. *Adecuación da ordenanza fiscal aos coeficientes previstos no artigo 32.2 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.*

Naqueles municipios en que resulte de aplicación o previsto no artigo 32.2 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo, o prazo para aprobar e publicar o tipo de gravame do imposto sobre bens inmoables amplíase ata o 1 de marzo do exercicio en que se aplique o correspondente coeficiente.»

Sete. Engádense unha disposición adicional décimo cuarta, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Notificacións nos tributos periódicos.*

Cando se produzan modificacións de carácter xeral dos elementos integrantes dos tributos de cobramento periódico por recibo, a través das correspondentes ordenanzas fiscais, non será necesaria a notificación individual das liquidacións resultantes, salvo nos supostos establecidos no número 3 do artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.»

Oito. Engádesse unha disposición transitoria vixésimo primeira, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria vixésimo primeira. *Aprobación das ordenanzas fiscais para o exercicio 2013.*

Con efectos exclusivos para o exercicio 2013, os concellos que decidan aplicar, en uso da súa capacidade normativa, as medidas previstas para os tributos locais na Lei 16/2012, do 27 de decembro, pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas públicas e ao impulso da actividade económica, deberán aprobar o texto definitivo das novas ordenanzas fiscais e publicalas no boletín oficial correspondente, todo isto conforme o disposto no artigo 17 deste texto refundido, antes do 1 de abril de 2013.»

Artigo 15. *Modificación do Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do imposto sobre actividades económicas.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013 introdúcense as seguintes modificacións no Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do imposto sobre actividades económicas:

Un. Engádesse unha nota na epígrafe 981.3 da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas, «Parques de atraccións, incluídos os acuáticos e análogos, de carácter estable», que queda redactada da seguinte forma:

«Nota: naqueles parques de atraccións que permanezan abertos menos de oito meses ao ano, a súa cota será o 70 por cento da sinalada nesta epígrafe.»

Dous. Modifícase o ordinal 2.º da regra 14.^a.1.F).b) da Instrución para a aplicación das tarifas do imposto sobre actividades económicas, que queda redactado da seguinte forma:

«2.º O 40 por cento da superficie utilizada para actividades de temporada mediante a ocupación da vía pública con postos e similares.

Naquelas actividades para as cales as tarifas prevexan unha redución na cota correspondente á súa epígrafe ou grupo mediante a aplicación dunha porcentaxe sobre ela, por permanecer aberto o establecemento durante un período inferior ao ano, a dita porcentaxe será de aplicación tamén á superficie dos locais. »

Tres. Introdúcese un número 5 na regra 14.^a da Instrución para a aplicación das tarifas do imposto sobre actividades económicas, que queda redactado da seguinte forma:

«5. Actividades de temporada ou cuxos establecementos permanezan abertos ao público durante un período inferior ao ano.

Nas actividades de temporada ou cuxos establecementos permanezan abertos ao público durante un período inferior ao ano, a presentación da declaración de baixa na actividade será incompatible coa aplicación das reducións na cota previstas para tales supostos nas tarifas e no punto 1.F).b).2.º da presente regra.»

CAPÍTULO IX

Catastro inmobiliario

Artigo 16. *Modificación do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013 introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo:

Un. Engádesse un número 3 no artigo 20, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Naqueles supostos en que se conte con datos suficientes e non existan terceiros afectados polo procedemento de inspección, este poderase iniciar directamente coa notificación da acta de inspección, en que se incluírá a proposta de regularización da descrición do ben inmovible, así como unha referencia expresa a este artigo e aos recursos que procedan fronte á resolución definitiva. Neste caso, o expediente porase de manifesto aos interesados, para a presentación de alegacións, durante un prazo de 15 días. Cando, transcorrido este prazo, os interesados non formularsen alegacións, a proposta de regularización incluída na acta de inspección converterase en definitiva, entenderase ditado e notificado o acordo que contén o día seguinte ao da finalización do mencionado prazo e procederase ao peche e arquivamento do expediente.»

Dous. Modifícase o artigo 32, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 32. *Actualización de valores catastrais.*

1. As leis de orzamentos xerais do Estado poderán actualizar os valores catastrais por aplicación de coeficientes, que poderán ser diferentes para cada un dos grupos de municipios que se establezan regulamentariamente ou para cada clase de inmoibles.

2. Así mesmo, as leis de orzamentos xerais poderán actualizar os valores catastrais dos inmoibles urbanos dun mesmo municipio por aplicación de coeficientes en función do ano de entrada en vigor do correspondente cadro de valores do municipio.

Os concellos poderán solicitar a aplicación dos coeficientes previstos neste número cando concorran os seguintes requisitos:

a) Que transcorresen polo menos cinco anos desde a entrada en vigor dos valores catastrais derivados do anterior procedemento de valoración colectiva de carácter xeral.

b) Que se poñan de manifesto diferenzas substanciais entre os valores de mercado e os que serviron de base para a determinación dos valores catastrais vixentes, sempre que afecten de modo homoxéneo o conxunto de usos, polígonos, áreas ou zonas existentes no municipio.

c) Que a solicitude se comunique á Dirección Xeral do Catastro antes do 31 de xaneiro do exercicio anterior a aquel para o cal se solicita a aplicación dos coeficientes.

Corresponde ao ministro de Facenda e Administracións Públicas apreciar a concorrencia dos requisitos enumerados no parágrafo anterior mediante orde ministerial que se publicará no «Boletín Oficial del Estado» con anterioridade ao 30 de setembro de cada exercicio, en que se establecerá a relación de municipios concretos nos cales resultarán de aplicación os coeficientes que, se for o caso, estableza a lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio seguinte.

A aplicación dos coeficientes previstos neste número excluírá a dos coeficientes de actualización a que se refire o número un deste artigo.»

Tres. Engádesse unha nova disposición adicional terceira, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional terceira. *Procedemento de regularización catastral 2013-2016.*

1. Sen prexuízo do establecido no artigo 11 deste texto refundido, a incorporación ao catastro inmobiliario dos bens inmuebles urbanos e dos bens inmuebles rústicos con construción, así como das alteracións das súas características, poderase realizar mediante o procedemento de regularización catastral.

Este procedemento iniciárase de oficio nos supostos de incumprimento da obriga de declarar de forma completa e correcta as circunstancias determinantes dunha alta ou modificación, co fin de garantir a adecuada concordancia da descrición catastral dos bens inmuebles coa realidade inmobiliaria.

Será de aplicación ao procedemento de regularización, no non previsto por esta disposición, o réxime xurídico establecido nos artigos 11 e 12 deste texto refundido.

2. O procedemento de regularización aplicarase naqueles municipios e durante o período que se determinen mediante resolución da Dirección Xeral do Catastro, que se deberá publicar no «Boletín Oficial del Estado» con anterioridade ao 31 de decembro de 2016. Non obstante, o prazo previsto na dita resolución poderá ser ampliado por decisión motivada do mesmo órgano, que igualmente deberá ser publicada no «Boletín Oficial del Estado».

Unha vez publicada no «Boletín Oficial del Estado» a citada resolución e durante o período a que se refire, as declaracións que se presenten fóra do prazo previsto pola correspondente normativa non serán obxecto de tramitación conforme o procedemento de incorporación mediante declaracións regulado no artigo 13, sen prexuízo de que a información que nelas se conteña e os documentos que as acompañen se entendan achegados en cumprimento do deber de colaboración previsto no artigo 36 e sexan tidos en conta para efectos do procedemento de regularización.

As actuacións obxecto de regularización quedarán excluídas da súa tramitación a través de fórmulas de colaboración.

3. A tramitación do procedemento de regularización realizarase conforme as seguintes previsións:

a) O procedemento de regularización iniciárase de oficio por acordo do órgano competente. A iniciación comunicárase aos interesados, aos cales se concederá un prazo de 15 días para que formulen as alegacións que consideren convenientes.

Sen prexuízo do deber de colaboración regulado no artigo 36 deste texto refundido, as actuacións poderanse entender cos titulares dos dereitos previstos no artigo 9, aínda cando non se trate dos obrigados a realizar a declaración.

b) Naqueles supostos en que non existan terceiros afectados polo procedemento, este poderase iniciar directamente coa notificación da proposta de regularización, xunto coa liquidación da taxa de regularización catastral prevista no número 8. Na dita proposta de regularización incluírase unha referencia expresa a este precepto e aos recursos que procedan fronte á resolución definitiva.

O expediente porase de manifesto aos interesados para a presentación das alegacións que consideren oportunas durante un prazo de 15 días desde a data da notificación. Cando, transcorrido este prazo, os interesados non formularan alegacións, a proposta de regularización converterase en definitiva e procederase ao peche e arquivamento do expediente, e entenderase ditado e notificado o correspondente acordo de alteración contido na proposta de regularización desde o día seguinte ao de finalización do mencionado prazo.

c) A notificación aos interesados practicarase de conformidade co disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. O prazo máximo en que se debe notificar a resolución expresa será de seis meses desde que se notifique aos interesados o acordo de iniciación ou a proposta de regularización. O vencemento do prazo máximo de resolución determinará a caducidade do expediente e o arquivamento de todas as actuacións.

4. A incorporación no catastro dos bens inmobles ou a modificación da súa descrición resultante da regularización producirá efectos desde o día seguinte a aquel en que se produciron os feitos, actos ou negocios que orixinen a incorporación ou modificación catastral, con independencia do momento en que se notifiquen, sen prexuízo do disposto no parágrafo terceiro da disposición adicional cuarta para aqueles bens inmobles que teñan natureza rústica e contén con construcións indispensables para o desenvolvemento das explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais.

5. A regularización da descrición catastral dos inmobles en virtude do procedemento regulado nesta disposición excluírá a aplicación das sancións que se poderían ter exixido polo incumprimento da obriga de declarar de forma completa e correcta as circunstancias determinantes da alta ou modificación daqueles.

6. A determinación da base liquidable do imposto sobre bens inmobles para os bens que sexan obxecto de regularización realizaraa a Dirección Xeral do Catastro conforme o previsto nos artigos 67.1.b).4.º e concordantes do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

7. As actuacións desenvolvidas no procedemento de regularización terán a consideración de traballos de formación e mantemento do catastro inmobiliario para efectos do previsto na disposición adicional décima da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.

8. Créase a taxa de regularización catastral, co carácter de tributo estatal, que se rexe polo disposto nesta disposición e polas demais fontes normativas que se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos:

a) Feito imponible: constitúe o feito imponible desta taxa a regularización da descrición dos bens inmobles resultante do procedemento que se establece nesta disposición.

b) Suxeitos pasivos: serán suxeitos pasivos da taxa de regularización as persoas físicas ou xurídicas e os entes a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que, de conformidade co previsto no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, deban ter a condición de suxeito pasivo do imposto sobre bens inmobles no exercicio en que se iniciase o procedemento de regularización.

c) Devindicación: a taxa de regularización catastral devindicarase co inicio do procedemento de regularización.

d) Contía: a contía da taxa de regularización catastral será de 60 euros por inmovible obxecto do procedemento.

e) Xestión: a xestión da taxa de regularización catastral corresponde á Dirección Xeral do Catastro.

f) Recadación: a recadación da taxa efectuarase conforme o disposto no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, e a súa normativa de desenvolvemento.»

Catro. Engádesse unha nova disposición adicional cuarta, que queda redactada na seguinte forma:

«Disposición adicional cuarta. *Valoración das construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.*

Naqueles municipios en que non se realizou un procedemento de valoración colectiva de carácter xeral con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2006, a partir da publicación da resolución a que se refire o número 2 da disposición adicional terceira determinarase un novo valor catastral para aqueles bens inmobles que, conforme a normativa anterior á Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario, teñan natureza rústica e contén con construcións indispensables para o desenvolvemento das explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais.

Estes valores, mentres non se aproben as novas normas regulamentarias de valoración de inmobles rústicos, obteranse pola aplicación das regras contidas na disposición transitoria primeira, referidas ao cadro de valores vixente no municipio.

Os valores terán efectividade o día 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel en que se notifiquen ou se entendan notificados.»

Cinco. Engádesse unha disposición transitoria novena, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria novena. *Prazo para solicitar a aplicación dos coeficientes previstos no número 2 do artigo 32.*

O prazo para que os concellos comuniquen á Dirección Xeral do Catastro a solicitude de aplicación para o exercicio 2014 dos coeficientes previstos no artigo 32.2 amplíase ata o 1 de marzo de 2013.»

CAPÍTULO X

Réxime económico e fiscal de Canarias

Artigo 17. *Modificación da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación do réxime económico fiscal de Canarias.*

Un. Modifícase o número 4 do artigo 4, que queda redactado como segue:

«4. As operacións suxeitas a este imposto non estarán suxeitas ao concepto «transmisións patrimoniais onerosas» do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior as entregas e arrendamentos de bens inmobles, así como a constitución ou transmisión de dereitos reais de gozo ou disfrute que recaian sobre eles, cando estean exentos do imposto, salvo nos casos en que o suxeito pasivo renuncie á exención nas circunstancias e coas condicións recollidas no artigo 50.cinco da Lei da Comunidade Autónoma de Canarias 4/2012, do 25 de xuño, de medidas administrativas e fiscais. »

Dous. Modifícase o ordinal 5.º do número 2 do artigo 6, que queda redactado do modo seguinte:

«5.º As achegas non en diñeiro efectuadas polos suxeitos pasivos do imposto de elementos do seu patrimonio empresarial ou profesional a sociedades ou comunidades de bens ou a calquera outro tipo de entidades e as adxudicacións desta natureza en caso de liquidación ou disolución total ou parcial daquelas, sen prexuízo da tributación que proceda conforme as normas reguladoras dos

conceptos «actos xurídicos documentados» e «operacións societarias» do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

En particular, considerarase entrega de bens a adxudicación de terreos ou edificacións promovidos por unha comunidade de bens realizada en favor dos comuneiros, en proporción á súa cota de participación.»

Tres. Modifícase o artigo 16, que queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 16. *Lugar de realización das entregas de bens.*

O lugar de realización das entregas de bens determinarase segundo as regras seguintes:

Un. As entregas de bens que non sexan obxecto de expedición ou transporte entenderanse realizadas no territorio de aplicación do imposto cando os bens se poñan á disposición do adquirente no dito territorio.

Dous. Tamén se entenderán realizadas no territorio de aplicación do imposto:

1.º As entregas de bens mobles corporais que deban ser obxecto de expedición ou transporte para a súa posta á disposición do adquirente, cando a expedición ou transporte se inicien no referido territorio.

Malia o disposto no parágrafo anterior, cando o lugar de iniciación da expedición ou do transporte dos bens que deban ser obxecto de importación estea situado fóra do referido territorio, as entregas destes efectuadas polo importador e, se for o caso, por sucesivos adquirentes entenderanse realizadas no territorio de aplicación do imposto.

2.º As entregas dos bens que deban ser obxecto de instalación ou montaxe antes da súa posta á disposición, cando a instalación se ultime no referido territorio. Esta regra só se aplicará cando a instalación ou montaxe implique a inmovilización dos bens entregados e o seu custo exceda o 15 por 100 da total contraprestación correspondente á entrega dos bens instalados.

3.º As entregas de bens inmoebles que radiquen no dito territorio.

4.º As entregas de bens aos pasaxeiros que se efectúen a bordo dun buque ou dun avión, cuxo lugar de inicio e finalización se encontre no territorio de aplicación do imposto e non efectúe escala en portos ou aeroportos sitios fóra do dito territorio.

Cando se trate dun transporte de ida e volta, o traxecto de volta considerarase como un transporte distinto.

Para os efectos deste número, considerarase como lugar de inicio o primeiro lugar previsto para o embarque de pasaxeiros no territorio de aplicación do imposto, mesmo despois da última escala fóra do dito territorio.

Tres. As entregas de gas a través dunha rede de gas natural situada no territorio da Comunidade ou de calquera rede conectada á dita rede, as entregas de electricidade ou as entregas de calor ou de frío a través das redes de calefacción ou de refrixeración entenderanse efectuadas no territorio de aplicación do imposto no suposto que se cita a seguir:

As efectuadas a un empresario ou profesional revendedor, cando este teña a sede da súa actividade económica ou posúa un establecemento permanente ou, no seu defecto, o seu domicilio no citado territorio, sempre que as ditas entregas teñan por destinatarios a dita sede, establecemento permanente ou domicilio.

Para estes efectos, entenderase por empresario ou profesional revendedor aquel cuxa actividade principal respecto das compras de gas, electricidade, calor ou frío consista na súa revenda e o consumo propio destes sexa insignificante.»

Catro. Modifícase o artigo 18, que queda redactado como segue:

«Artigo 18. *Devindicación do imposto.*

Un. Devindicarase o imposto:

1.º Nas entregas de bens, cando teña lugar a súa posta á disposición do adquirente ou, se for o caso, cando se efectúen conforme a lexislación que lles sexa aplicable.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, nas entregas de bens efectuadas en virtude de contratos de venda con pacto de reserva de dominio ou calquera outra condición suspensiva, de arrendamento-venda de bens ou de arrendamento de bens con cláusula de transferencia da propiedade vinculante para ambas as partes, devindicarase o imposto cando os bens que constitúan o seu obxecto se poñan en posesión do adquirente.

2.º Nas prestacións de servizos, cando se presten, executen ou efectúen as operacións gravadas.

Non obstante, nas prestacións de servizos en que o destinatario sexa o suxeito pasivo do imposto conforme o previsto no ordinal 2.º do número 1 do artigo 19 desta lei, que se leven a cabo de forma continuada durante un prazo superior a un ano e que non dean lugar a pagamentos anticipados durante o dito período, a devindicación do imposto producirase en 31 de decembro de cada ano pola parte proporcional correspondente ao período transcorrido desde o inicio da operación ou desde a anterior devindicación ata a citada data, mentres non se poña fin ás ditas prestacións de servizos.

Por excepción do disposto nos parágrafos anteriores, cando se trate de execucións de obra con achega de materiais, no momento en que os bens a que se refiran se poñan á disposición do dono da obra.

3.º Cando se trate de execucións de obra, con ou sen achega de materiais, cuxas destinatarias sexan as administracións públicas, no momento da súa recepción, conforme o disposto no artigo 235 do texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

4.º Nas transmisións de bens entre o comitente e comisionista efectuadas en virtude de contratos de comisión de venda, cando o último actúe en nome propio, no momento en que o comisionista efectúe a entrega dos respectivos bens.

Cando se trate de entregas de bens efectuadas en virtude de contratos polos que unha das partes entrega á outra bens mobles, cuxo valor se estima nunha cantidade certa, e quen os recibe se obrigue a procurar a súa venda dentro dun prazo e a devolver o valor estimado dos bens vendidos e o resto dos non vendidos, a devindicación das entregas relativas aos bens vendidos producirase cando quen os recibe os poña á disposición do adquirente.

5.º Nas transmisións de bens entre comisionista e comitente efectuadas en virtude de contratos de comisión de compra, cando o primeiro actúe en nome propio, no momento en que ao comisionista lle sexan entregados os bens a que se refiran.

6.º Nos arrendamentos, nas subministracións e, en xeral, nas operacións de tracto sucesivo ou continuado, no momento en que resulte exixible a parte do prezo que comprenda cada percepción.

Non obstante, cando non se pactase prezo ou cando, téndose pactado, non se determinase o momento da súa exixibilidade, ou esta se establecese cunha periodicidade superior a un ano natural, a devindicación do imposto producirase en 31 de decembro de cada ano pola parte proporcional correspondente ao período transcorrido desde o inicio da operación, ou desde a anterior devindicación, ata a citada data.

Exceptúanse do disposto nos parágrafos anteriores as operacións a que se refire o parágrafo segundo do ordinal 1.º precedente.

Dous. Malia o disposto no número un anterior, nas operacións suxeitas a gravame que orixinen pagamentos anticipados anteriores á realización do feito imposable, o imposto devindicarase no momento do cobramento total ou parcial do prezo polos importes efectivamente percibidos.

Tres. Devindicarase o imposto nas importacións cando os importadores as soliciten, logo de cumprimento das condicións establecidas na lexislación aplicable. En caso de falta de solicitude de importación nos prazos que regulamentariamente se prevexan, o imposto entenderase devindicado no momento da entrada efectiva no ámbito territorial de aplicación deste imposto conforme se define no artigo 3.º da presente lei.

Cando se trate da importación definitiva dos bens que se encontren nos réximes ou situacións de tránsito, importación temporal, perfeccionamento activo no sistema de suspensión, zona franca, depósito franco ou depósitos, a devindicación do imposto producirase no momento en que se solicite a dita importación, cando, así mesmo, se cumpran os requisitos exixidos pola lexislación aplicable.

No suposto de incumprimento dos requisitos que condicionan a concesión de calquera dos réximes indicados no parágrafo anterior, devindicarase o imposto no momento en que se produza o dito incumprimento ou, cando non se poida determinar a data do incumprimento, no momento en que se autorizou a aplicación dos citados réximes.

Nas operacións definidas como importacións nos ordinais 2.º, 3.º, 4.º e 5.º do número 2 do artigo 8.º da presente lei, a devindicación producirase no momento en que teñan lugar, respectivamente, as desafectacións, os cambios de condicións ou as adquisicións a que se refiren os ditos números.»

Cinco. Engádesse a letra h) ao ordinal 2.º do número 1 do artigo 19, coa seguinte redacción:

«h) Cando se trate de execucións de obra, con ou sen achega de materiais, así como as cesións de persoal para a súa realización, consecuencia de contratos directamente formalizados entre o promotor e o contratista que teñan por obxecto a urbanización de terreos ou a construción ou rehabilitación de edificacións.

O establecido no parágrafo anterior será tamén de aplicación cando os destinatarios das operacións sexan pola súa vez o contratista principal ou outros subcontratistas nas condicións sinaladas.»

Seis. Modifícanse os números 1, 2, 7 e 8 e engádesse o número 11 ao artigo 22, que quedan redactados do modo seguinte:

«1. A base imposable do imposto estará constituída polo importe total da contraprestación das operacións suxeitas a el procedente do destinatario ou de terceiras persoas.

2. En particular, inclúense no concepto de contraprestación:

a) Os gastos de comisións, portes e transporte, seguros, primas por prestacións anticipadas e calquera outro crédito efectivo a favor de quen realice a entrega ou preste o servizo, derivado da prestación principal ou das accesorias a ela.

Malia o disposto no parágrafo anterior, non se incluírán na contraprestación os xuros polo aprazamento no pagamento do prezo na parte en que o dito aprazamento corresponda a un período posterior á entrega dos bens ou á prestación dos servizos.

Para efectos do previsto no parágrafo anterior só terán a consideración de xuros as retribucións das operacións financeiras de aprazamento ou demora no pagamento do prezo, exentas do imposto en virtude do disposto no artigo 50. un.18.º, letra c), da Lei da Comunidade Autónoma de Canarias 4/2012, do 25 de xuño, de medidas administrativas e fiscais, que se faga constar separadamente na factura emitida polo suxeito pasivo.

En ningún caso se considerará xuro a parte da contraprestación que exceda o usualmente aplicado no mercado para operacións similares.

b) As subvencións vinculadas directamente ao prezo das operacións suxeitas ao imposto.

Consideraranse vinculadas directamente ao prezo das operacións suxeitas ao imposto as subvencións establecidas en función do número de unidades entregadas ou do volume dos servizos prestados cando se determinen con anterioridade á realización da operación.

En ningún caso se incluírán as subvencións dirixidas a permitir o abastecemento de produtos comunitarios ou dispoñibles no mercado da CEE, previsto no programa de opcións específicas polo afastamento e insularidade das Illas Canarias.

c) Os tributos e gravames de calquera clase que recaían sobre as mesmas operacións gravadas, excepto o propio imposto xeral indirecto canario e o arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas Illas Canarias.

O disposto nesta letra comprenderá os impostos especiais que se exixan en relación cos bens que sexan obxecto das operacións gravadas, con excepción do imposto especial sobre determinados medios de transporte.

d) As percepcións retidas conforme dereito polo obrigado a efectuar a prestación nos casos de resolución das operacións suxeitas ao imposto.

e) O importe dos envases e embalaxes, mesmo os susceptibles de devolución, cargado aos destinatarios da operación, calquera que sexa o concepto polo cal o dito importe se perciba.

f) O importe das débedas asumidas polo destinatario das operacións suxeitas como contraprestación total ou parcial destas.»

«7. A base imponible tamén se poderá reducir proporcionalmente cando os créditos correspondentes ás cotas repercutidas polas operacións gravadas sexan total ou parcialmente incobrables. Para estes efectos:

A) Un crédito considerarase total ou parcialmente incobrible cando reúna as seguintes condicións:

1.^a Que transcorrese un ano desde a devindicación do imposto repercutido sen que se obtivese o cobramento de todo ou parte do crédito derivado del.

Non obstante, cando se trate de operacións a prazos ou con prezo aprazado, deberá ter transcorrido un ano desde o vencemento do prazo ou prazos impagados co fin de proceder á redución proporcional da base imponible. Para estes efectos, consideraranse operacións a prazos ou con prezo aprazado aquelas en que se pactase que a súa contraprestación se deba facer efectiva en pagamentos sucesivos ou nun só, respectivamente, sempre que o período transcorrido entre a devindicación do imposto repercutido e o vencemento do único pagamento sexa superior a un ano.

Cando o titular do dereito de crédito cuxa base imponible se pretende reducir sexa un empresario ou profesional cuxo volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 51 desta lei, non excedese durante o ano natural inmediato anterior 6.010.121,04 euros, o prazo dun ano a que se refire esta condición 1.^a será de seis meses.

2.^a Que esta circunstancia quedase reflectida nos libros rexistro exixidos para este imposto.

3.^a Que o destinatario da operación actúe na condición de empresario ou profesional, ou, noutro caso, que a base imponible daquela, imposto xeral indirecto canario excluído, sexa superior a 300 euros.

4.^a Que o suxeito pasivo instase o seu cobramento mediante reclamación xudicial ao debedor ou por medio de requirimento notarial a el, mesmo cando se trate de créditos afianzados por entes públicos.

Cando se trate das operacións a prazos a que se refire a condición 1.^a anterior, resultará suficiente instar o cobramento dun deles mediante reclamación xudicial ao debedor ou por medio de requirimento notarial a el para proceder á modificación da base impositiva na proporción que corresponda polo prazo ou prazos impagados.

Cando se trate de créditos debidos por entes públicos, a reclamación xudicial ou o requirimento notarial a que se refire a condición 4.^a anterior substituirase por unha certificación expedida polo órgano competente do ente público debedor de acordo co informe do interventor ou tesoureiro daquel en que conste o recoñecemento da obriga a cargo del e a súa contía.

B) A modificación deberase realizar no prazo dos tres meses seguintes á finalización do período dun ano a que se refire a condición 1.^a anterior e comunicarse á Administración tributaria canaria no prazo que se fixe regulamentariamente.

Cando o titular do dereito de crédito cuxa base impositiva se pretende reducir sexa un empresario ou profesional cuxo volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 51 desta lei, non excedese durante o ano natural inmediato anterior 6.010.121,04 euros, o prazo dun ano a que se refire o parágrafo anterior será de seis meses.

C) Unha vez practicada a redución da base impositiva, esta non se volverá modificar á alza aínda que o suxeito pasivo obtivese o cobramento total ou parcial da contraprestación, salvo cando o destinatario non actúe na condición de empresario ou profesional. Neste caso, entenderase que o imposto xeral indirecto canario está incluído nas cantidades percibidas e na mesma proporción que a parte de contraprestación percibida.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando o suxeito pasivo desista da reclamación xudicial ao debedor ou chegue a un acordo de cobramento con el con posterioridade ao requirimento notarial efectuado, como consecuencia deste ou por calquera outra causa, deberá modificar novamente a base impositiva á alza mediante a expedición, no prazo dun mes contado desde a desistencia ou desde o acordo de cobramento, respectivamente, dunha factura rectificativa en que se repercute a cota procedente.

8. En relación cos supostos de modificación da base impositiva comprendidos nos números 6 e 7 anteriores, aplicaranse as seguintes regras:

1.^a Non procederá a modificación da base impositiva nos casos seguintes:

- a. Créditos que desfruten de garantía real, na parte garantida.
- b. Créditos afianzados por entidades de crédito ou sociedades de garantía recíproca ou cubertos por un contrato de seguro de crédito ou de caución, na parte afianzada ou asegurada.
- c. Créditos entre persoas ou entidades vinculadas definidas no artigo 23, número 3, desta lei.
- d. Créditos debidos ou afianzados por entes públicos.

O disposto nesta letra d) non se aplicará á redución da base impositiva realizada de acordo co número 7 anterior para os créditos que se consideren total ou parcialmente incobrables, sen prexuízo da necesidade de cumprir co requisito de acreditación documental do impagamento a que se refire a condición 4.^a da letra A) do dito número.

2.^a Tampouco procederá a modificación da base impositiva cando o destinatario das operacións non estea establecido no territorio de aplicación do imposto.

3.^a Nos supostos de pagamento parcial anteriores á citada modificación, entenderase que o imposto xeral indirecto canario está incluído nas cantidades percibidas e na mesma proporción que a parte de contraprestación satisfeita.

4.^a A rectificación das deducións do destinatario das operacións, que se deberá practicar segundo o disposto no artigo 44 desta lei, determinará o nacemento do correspondente crédito en favor da Facenda pública.

Se o destinatario das operacións suxeitas non tivese dereito á dedución total do imposto, resultará tamén debedor fronte á Facenda pública polo importe da cota do imposto non deducible. No suposto de que o destinatario non actúe na condición de empresario ou profesional e na medida en que non satisfíxese a dita débeda, resultará de aplicación o establecido na letra C) do número 7 anterior.»

«11. Se o importe da contraprestación non resultase coñecido no momento da devindicación do imposto, o suxeito pasivo deberao fixar provisionalmente aplicando criterios fundados, sen prexuízo da súa rectificación cando o dito importe fose coñecido.»

Sete. Modifícanse os números 1 e 2 e engádesse o número 9 ao artigo 23 coa seguinte redacción:

«1. Nas operacións cuxa contraprestación non consista en diñeiro, considerarase como base imponible a que se acordase en condicións normais de mercado, na mesma fase de produción ou comercialización, entre partes que fosen independentes.

Non obstante, se a contraprestación consistise parcialmente en diñeiro, considerarase base imponible o resultado de engadir ao valor no mercado da parte non en diñeiro da contraprestación o importe da súa parte en diñeiro, sempre que o dito resultado for superior ao determinado por aplicación do disposto no parágrafo anterior.

2. Cando nunha mesma operación e por prezo único se entreguen bens ou se presten servizos de diversa natureza, mesmo nos supostos de transmisión da totalidade ou parte dun patrimonio empresarial, a base imponible correspondente a cada un deles determinarase en proporción ao valor de mercado dos bens entregados ou dos servizos prestados.

O disposto no parágrafo anterior non se aplicará cando os ditos bens ou servizos constitúan o obxecto de prestacións accesorias doutra principal suxeita ao imposto.»

«9. Na base imponible das operacións a que se refiren os números anteriores, en canto proceda, deberanse incluír ou excluír os gastos ou compoñentes comprendidos, respectivamente, nos números 2 e 3 do artigo anterior.»

Oito. Modifícanse os números 3 e 5 do artigo 33, que quedan redactados da seguinte forma:

«3. O dereito á dedución só se poderá exercer na declaración liquidación relativa ao período de liquidación en que o seu titular soportase as cotas deducibles ou nas dos sucesivos, sempre que non transcorrese o prazo de catro anos, contados a partir do nacemento do mencionado dereito. A porcentaxe de dedución das cotas deducibles soportadas será a definitiva do ano en que se producise o nacemento do dereito a deducir das citadas cotas.

Porén, en caso de declaración de concurso, o dereito á dedución das cotas soportadas con anterioridade a esta, que estivesen pendentes de deducir, deberase exercer na declaración liquidación correspondente ao período de liquidación en que se soportasen.

Cando non se inclúsen as cotas soportadas deducibles a que se refire o parágrafo anterior nas ditas declaracións liquidación, e sempre que non transcorrese o prazo de catro anos, contados a partir do nacemento do dereito á dedución de tales cotas, o concursado ou, nos casos previstos polo artigo 86.3 da Lei concursal, a administración concursal, poderaas deducir mediante a rectificación da declaración liquidación relativa ao período en que foron soportadas.

Cando mediase requirimento da Administración ou actuación inspectora, serán deducibles, nas liquidacións que procedan, as cotas soportadas que estivesen debidamente contabilizadas nos libros rexistro establecidos regulamentariamente para este imposto, mentres que as cotas non contabilizadas serán deducibles na

declaración liquidación do período correspondente á súa contabilización ou nas dos seguintes. En todo caso, unhas e outras cotas só se poderán deducir cando non transcorrese o prazo a que se refire o primeiro parágrafo.»

«5. Cando a contía das deducións procedentes supere o importe das cotas devindicadas no mesmo período de liquidación, o exceso poderá ser compensado nas declaracións liquidación posteriores, sempre que non transcorresen catro anos contados a partir da presentación da declaración liquidación en que se orixine o dito exceso.

Non obstante, o suxeito pasivo poderá optar pola devolución do saldo existente ao seu favor cando resulte procedente en virtude do disposto no capítulo II deste título, sen que en tal caso poida efectuar a súa compensación en declaracións liquidación posteriores, calquera que sexa o período de tempo transcorrido ata que a dita devolución se faga efectiva.

Na declaración liquidación, prevista regulamentariamente, referida aos feitos impositivos anteriores á declaración de concurso, deberase aplicar a totalidade dos saldos acumulados a compensar de períodos de liquidación anteriores á dita declaración.»

Nove. Con efectos desde o día 1 de xullo de 2012, e como consecuencia da aprobación da Lei da Comunidade Autónoma de Canarias 4/2012, do 25 de xuño, de medidas administrativas e fiscais, quedan derogados os artigos 10 e 27, o número 3 do artigo 58 bis, a disposición adicional oitava e os anexos I, I bis, II e VI. As referencias que na normativa vixente se poidan efectuar a eles entenderanse realizadas á normativa vixente que en materia de exencións por operacións interiores e tipos impositivos aprobe a Comunidade Autónoma de Canarias.

Artigo 18. *Modificación da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico fiscal de Canarias.*

Con efecto desde o día 1 de xullo de 2012, e como consecuencia da aprobación da Lei da Comunidade Autónoma de Canarias 4/2012, do 25 de xuño, de medidas administrativas e fiscais, queda derogado o artigo 24.

CAPÍTULO XI

Artigo 19. *Imposto sobre os depósitos nas entidades de crédito.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013 créase o imposto sobre os depósitos nas entidades de crédito, que se rexerá polas seguintes disposicións:

Un. Natureza e obxecto do imposto.

O imposto sobre os depósitos nas entidades de crédito é un tributo de carácter directo que grava, na forma e condicións previstas neste artigo, os depósitos constituídos nas entidades de crédito.

Dous. Ámbito territorial de aplicación.

O imposto é exixible en todo o territorio español, sen prexuízo dos réximes tributarios forais de concerto e convenio económico en vigor, respectivamente, nos territorios históricos do País Vasco e na Comunidade Foral de Navarra. Na súa aplicación terase en conta o disposto nos tratados e convenios internacionais que formen parte do ordenamento interno español.

Tres. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible o mantemento de fondos de terceiros, calquera que sexa a súa natureza xurídica, polos contribuíntes sinalados no número Seis deste artigo, e que comporten a obriga de restitución, con excepción dos fondos mantidos en sucursais fóra do territorio español.

Catro. Exencións.

Estarán exentos do imposto:

1. O Banco de España e as autoridades de regulación monetaria.
2. O Banco Europeo de Investimentos.
3. O Banco Central Europeo.
4. O Instituto de Crédito Oficial.

Cinco. Período impositivo e devindicación.

O período impositivo será o ano natural.

Non obstante, no período impositivo en que se produza o inicio da actividade en territorio español, este comprenderá desde a data de comezo da actividade ata o final do ano natural.

En todo caso, o período impositivo concluirá cando o contribuínte cese na súa actividade en territorio español.

O imposto devindicarase o último día do período impositivo.

Seis. Contribuíntes.

Son contribuíntes do imposto:

- a) As entidades de crédito definidas no artigo 1 do Real decreto legislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ao das Comunidades Europeas.
- b) As sucursais en territorio español de entidades de crédito estranxeiras.

Sete. Base imponible.

Constitúe a base imponible o importe resultante de facer a media aritmética do saldo final de cada trimestre natural do período impositivo, correspondente á partida 4 «Depósitos da clientela» do pasivo do balance reservado das entidades de crédito, incluídos nos estados financeiros individuais.

Para estes efectos, o saldo final minorarase nas contías dos «Axustes por valoración» incluídos nas partidas 4.1.5, 4.2.5, 4.3.2 e 4.4.5.

Os parámetros a que se refire este número correspóndense cos definidos no título II e no anexo IV da Circular 4/2004, do 22 de decembro, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada e modelos de estados financeiros, ou norma que a substitúa.

Oito. Cota tributaria.

A cota íntegra será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame do 0 por cento.

A cota diferencial obterase como resultado de deducir da cota íntegra, se for o caso, o pagamento á conta realizado.

Nove. Autoliquidación.

Os contribuíntes deberán presentar a autoliquidación do imposto no mes de xullo do ano seguinte ao do período impositivo, no lugar e forma que estableza o ministro de Facenda e Administracións Públicas. Malia o anterior, non será obrigatoria a presentación da autoliquidación cando resulte cota íntegra igual a cero euros.

Dez. Obriga de realizar pagamento á conta.

Os contribuíntes están obrigados a presentar unha autoliquidación de pagamento á conta no mes de xullo de cada exercicio, correspondente ao período impositivo en curso, por importe do 50 por cento da cota que resulta de aplicar o tipo de gravame vixente nese período impositivo á base imponible do período impositivo anterior. Non obstante o anterior, non será obrigatoria a presentación da autoliquidación cando resulte cota íntegra igual a cero euros.

Once. Habilitación á Lei de orzamentos xerais do Estado.

A Lei de orzamentos xerais do Estado poderá modificar o tipo de gravame e o pagamento á conta.

Doce. Infraccións e sancións.

As infraccións tributarias derivadas do incumprimento do disposto nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento cualificaranse e sancionaranse conforme o disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Trece. Feitos impositivos regulados nesta lei gravados polas comunidades autónomas.

Na medida en que o imposto que establece esta lei recaia sobre feitos impositivos gravados polas comunidades autónomas e isto produza unha diminución dos seus ingresos, será de aplicación o disposto no artigo 6.2 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.

O disposto no parágrafo anterior será unicamente de aplicación respecto daqueles tributos propios das comunidades autónomas establecidos nunha lei aprobada con anterioridade ao 1 de decembro de 2012.

Catorce. Entrada en vigor.

O imposto exirase con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2013.

Disposición adicional primeira. *Autoliquidación do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos en 31 de decembro de 2012.*

Consideraranse realizadas en 31 de decembro de 2012 as vendas retalistas dos produtos comprendidos no ámbito obxectivo do imposto que na dita data se encontren nos establecementos de venda ao público retalistas definidos no número 2 do número catro do artigo 9 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, salvo que aos citados produtos lles sexa de aplicación o réxime suspensivo do imposto sobre hidrocarburos.

Para efectos do disposto no parágrafo anterior, as vendas retalistas dos produtos entenderanse efectuadas en todo caso no territorio da comunidade autónoma onde radique o establecemento de venda ao público grosista.

Nos 20 primeiros días naturais do mes de abril de 2013 os suxeitos pasivos do imposto estarán obrigados a presentar a autoliquidación e relación comprensiva das cotas devindicadas e, se for o caso, das operacións exentas, derivada do sinalado nos parágrafos anteriores, que se tramitará de forma independente da correspondente autoliquidación do último trimestre do ano 2012.

Disposición adicional segunda.

As referencias ao imposto sobre o valor engadido no artigo 108 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, débense entender feitas, nos seus mesmos termos, ao imposto xeral indirecto canario.

Disposición adicional terceira.

Con efectos a partir do 15 de novembro de 2012, engádese unha disposición adicional décimo oitava «Régime fiscal especial aplicable ás operacións de reestruturación e resolución de entidades de crédito», ao texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, coa seguinte redacción:

«O réxime fiscal establecido no capítulo VIII do título VII do texto refundido desta lei, para as operacións mencionadas no seu artigo 83, incluídos os seus efectos nos demais tributos, será de aplicación ás transmisións do negocio ou de activos ou pasivos realizadas por entidades de crédito en cumprimento de plans de reestruturación ou plans de resolución de entidades de crédito a favor doutra entidade de crédito, ao abeiro da normativa de reestruturación bancaria, aínda cando non se correspondan coas operacións mencionadas nos artigos 83 e 94 da Lei do imposto sobre sociedades.»

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

1. Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ao establecido nesta lei.
2. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2013, quedan derogados os artigos 49 e 50.3 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo.

Disposición derradeira primeira. Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

Primeiro. Con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2013, introdúcese as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo:

Un. Engádese unha letra i) ao número 1 do artigo 14, que queda redactada da seguinte forma:

«i) Os gastos que excedan, para cada perceptor, o importe de 1.000.000 de euros ou, en caso de resultar superior, o importe que estea exento por aplicación do establecido no artigo 7.e) da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, aínda cando se satisfagan en varios períodos impositivos, derivados da extinción da relación laboral, común ou especial, ou da relación mercantil a que se refire o artigo 17.2.e) da referida lei, ou de ambas. Para estes efectos, computaranse as cantidades satisfeitas por outras entidades que formen parte dun mesmo grupo de sociedades en que concorran as circunstancias previstas no artigo 42 do Código de comercio.»

Dous. Engádense unha nova letra f) ao número 4 e unha letra c) ao número 6, ambos do artigo 140, que quedan redactadas da seguinte forma:

«4. (Igual).

f) Os premios de lotarías e apostas que, pola súa contía, estean exentos do gravame especial a que se refire a disposición adicional trixésimo terceira da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

6. (Igal).

c) No caso de premios de lotarías e apostas que, pola súa contía, estivesen suxeitos e non exentos do gravame especial de determinadas lotarías e apostas a que se refire a disposición adicional trixésimo terceira da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, o 20 por 100. Neste caso, a retención practícarase sobre o importe do premio suxeito e non exento, de acordo coa referida disposición.

(Igal).»

Tres. Engádesse unha disposición transitoria trixésimo oitava co seguinte contido:

«Disposición transitoria trixésimo oitava. *Gastos derivados de relacións laborais ou mercantís extinguidas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013.*

O disposto no artigo 14.1.i) desta lei non se aplicará aos gastos que deriven de relacións laborais ou mercantís que se extinguisen con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013.»

Segundo. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2013, introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo:

Un. Derrógase o número 2 do artigo 27.

Dous. Engádesse un parágrafo ao número 1 do artigo 45, coa seguinte redacción:

«Non deberán efectuar o referido pagamento fraccionado nin estarán obrigadas a presentar a correspondente declaración as entidades a que se refiren os números 5 e 6 do artigo 28 desta lei.»

Tres. Derrógase o número 4 do artigo 48.

Catro. Modifícase o número 2 do artigo 53, que queda redactado da seguinte forma:

«2. A aplicación do réxime fiscal especial regulado neste capítulo requirirá o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Que o número de vivendas arrendadas ou ofrecidas en arrendamento pola entidade en cada período impositivo sexa en todo momento igual ou superior a 8.

b) Que as vivendas permanezan arrendadas ou ofrecidas en arrendamento durante polo menos tres anos. Este prazo computarase:

1.º No caso de vivendas que figuren no patrimonio da entidade antes do momento de acollerse ao réxime, desde a data de inicio do período impositivo en que se comunique a opción polo réxime, sempre que na dita data a vivenda se encontrase arrendada. Do contrario observarase o disposto no parágrafo seguinte.

2.º No caso de vivendas adquiridas ou promovidas con posterioridade pola entidade, desde a data en que foron arrendadas por primeira vez por ela.

O incumprimento deste requisito implicará para cada vivenda a perda da bonificación que correspondería. Xunto coa cota do período impositivo en que se produciu o incumprimento, deberase ingresar o importe das bonificacións aplicadas na totalidade dos períodos impositivos en que resultase de aplicación este réxime especial, sen prexuízo dos xuros de demora, recargas e sancións que, se for o caso, resulten procedentes.

c) Que as actividades de promoción inmobiliaria e de arrendamento sexan obxecto de contabilización separada para cada inmovible adquirido ou promovido, coa desagregación que resulte necesaria para coñecer a renda correspondente a cada vivenda, local ou predio rexistral independente en que estes se dividan.

d) No caso de entidades que desenvolvan actividades complementarias á actividade económica principal de arrendamento de vivendas, que polo menos o 55 por cento das rendas do período impositivo, excluídas as derivadas da transmisión dos inmobles arrendados unha vez transcorrido o período mínimo de mantemento a que se refire a letra b) anterior, ou, alternativamente que polo menos o 55 por cento do valor do activo da entidade sexa susceptible de xerar rendas que teñan dereito á aplicación da bonificación a que se refire o artigo 54.1 desta lei.»

Cinco. Modifícase o número 11 do artigo 115, que queda redactado da seguinte forma:

«11. As entidades arrendatarias poderán optar, a través dunha comunicación ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas nos termos que regulamentariamente se establezan, por establecer que o momento temporal a que se refire o número 6 se corresponde co momento do inicio efectivo da construción do activo, atendendo ao cumprimento simultáneo dos seguintes requisitos:

a) Que se trate de activos que teñan a consideración de elementos do inmovilizado material que sexan obxecto dun contrato de arrendamento financeiro, en que as cotas do referido contrato se satisfagan de forma significativa antes da finalización da construción do activo.

b) Que a construción destes activos implique un período mínimo de 12 meses.

c) Que se trate de activos que reúnan requisitos técnicos e de deseño singulares e que non se correspondan con producións en serie.»

Seis. Engádesse unha disposición transitoria trixésimo novena co seguinte contido:

«Disposición transitoria trixésimo novena. *Réxime fiscal de determinados contratos de arrendamento financeiro.*

Os elementos patrimoniais respecto dos cales se obtivese a correspondente autorización administrativa en virtude do establecido no número 11 do artigo 115 desta lei nun período impositivo iniciado antes do 1 de xaneiro de 2013, rexeranse, para efectos da aplicación do disposto no referido artigo e do réxime de entidades navieiras en función da tonelaxe, pola normativa vixente en 31 de decembro de 2012.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns:

Un. Modifícase o número 7 do artigo 20, que queda redactado da seguinte forma:

«7. A mesma redución na base imponible regulada no número anterior e coas condicións sinaladas nas súas letras a) e c) aplicarase, en caso de doazón, a favor do cónxuxe, descendentes ou adoptados, dos bens comprendidos nos números un, dous e tres do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, en canto integrantes do patrimonio histórico español ou do patrimonio histórico ou cultural das comunidades autónomas.

Para os efectos das adquisicións gratuítas dos bens integrantes do patrimonio histórico español ou do patrimonio histórico ou cultural das comunidades autónomas, considerarase que o donatario non vulnera o deber de mantemento do adquirido cando doe, de forma pura, simple e irrevogable, os bens adquiridos con redución da base imponible do imposto ao Estado ou ás demais administracións públicas territoriais ou institucionais.

O incumprimento dos requisitos exixidos comportará o pagamento do imposto deixado de ingresar e os correspondentes xuros de demora.»

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 34, que queda redactado da seguinte forma:

«4. De acordo co disposto no número anterior, establécese o réxime de autoliquidación do imposto con carácter obrigatorio nas seguintes comunidades autónomas:

- Comunidade Autónoma de Andalucía.
- Comunidade Autónoma de Aragón.
- Comunidade Autónoma do Principado de Asturias.
- Comunidade Autónoma das Illes Balears.
- Comunidade Autónoma de Canarias.
- Comunidade de Castilla y León.
- Comunidade Autónoma de Cataluña.
- Comunidade Autónoma de Galicia.
- Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia.
- Comunidade Valenciana.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.*

Con efectos desde o 31 de decembro de 2012, a letra f) do número 5 do artigo 49 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, queda redactada da seguinte forma:

«f) 0,75 por mil dos ingresos brutos de explotación.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei hipotecaria, texto refundido segundo Decreto do 8 de febreiro de 1946.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013 engádesse un novo número 5 no artigo 254 da Lei hipotecaria, texto refundido segundo Decreto do 8 de febreiro de 1946, coa seguinte redacción:

«5. O rexistro da propiedade non practicará a inscrición correspondente de ningún documento que conteña acto ou contrato determinante das obrigas tributarias polo imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, sen que se acredite previamente ter presentado a autoliquidación ou, se for o caso, a declaración do imposto, ou a comunicación a que se refire a letra b) do número 6 do artigo 110 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo, 2/2004, do 5 de marzo.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013 introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo:

Un. Modifícase o artigo 40, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 40. *Suxeición.*

As entidades residentes nun país ou territorio que teña a consideración de paraíso fiscal que sexan propietarias ou posúan en España, por calquera título, bens inmoables ou dereitos reais de gozo ou desfrute sobre estes, estarán suxeitas ao imposto mediante un gravame especial.»

Dous. Modifícase o artigo 41, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 41. *Base imponible.*

1. A base imponible do gravame especial estará constituída polo valor catastral dos bens inmobles. Cando non existise valor catastral, utilizarase o valor determinado conforme as disposicións aplicables para efectos do imposto sobre o patrimonio.

2. Nos supostos en que unha entidade das mencionadas no artigo 40 participe na titularidade dos bens ou dereitos xunto con outra ou outras persoas ou entidades, o gravame especial sobre bens inmobles de entidades non residentes en España será exixible pola parte do valor dos bens ou dereitos que corresponda proporcionalmente á súa participación na titularidade daqueles.»

Tres. Modifícase o artigo 42, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 42. *Exencións.*

O gravame especial sobre bens inmobles non será exixible:

a) Aos Estados e institucións públicas estranxeiras e aos organismos internacionais.

b) Ás entidades que desenvolvan en España, de modo continuado ou habitual, explotacións económicas diferenciadas da simple tenza ou arrendamento do inmovible, de acordo co que se estableza regulamentariamente.

c) Ás sociedades que coticen en mercados secundarios de valores oficialmente recoñecidos.»

Catro. Modifícase o título do artigo 45, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 45. *Devindicación, declaración e afectación.*»

Cinco. Engádese un número 3 ao artigo 45, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Tratándose de transmisións de bens inmobles situados en territorio español por entidades suxeitas ao gravame especial, os bens transmitidos quedarán afectos ao pagamento do importe do dito gravame especial.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 8/1991, do 25 de marzo, do imposto sobre a produción, os servizos e a importación nas cidades de Ceuta e Melilla.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013 introdúcense as seguintes modificacións na Lei 8/1991, do 25 de marzo, do imposto sobre a produción, os servizos e a importación nas cidades de Ceuta e Melilla:

Un. Modifícase o artigo 9, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 9. *Exencións en importacións de bens.*

As importacións definitivas de bens nas cidades de Ceuta e Melilla estarán exentas nos mesmos termos que na lexislación común do imposto sobre o valor engadido e, en todo caso, asimiláranse, para efectos desta exención, as que resulten de aplicación ás operacións interiores.

En particular, nas importacións de bens en réxime de viaxeiros a exención aplicarase nos mesmos termos e contías que os previstos para as importacións de bens en réxime de viaxeiros na normativa reguladora do imposto sobre o valor engadido.»

Dous. Modifícase a letra b) do artigo 11, que queda redactada da seguinte forma:

«b) Nas importacións, no momento de admisión da declaración para o despacho de importación ou, no seu defecto, no momento da entrada dos bens no territorio de suxeición, co cumprimento previo das condicións establecidas na lexislación aplicable.»

Tres. Modifícase o número 3 do artigo 22, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Nas importacións, a liquidación que corresponda e o pagamento resultante deberanse efectuar con anterioridade ao acto administrativo de despacho ou á entrada das mercadorías no territorio de suxeición. Poderase outorgar un prazo máximo de 90 días desde a introdución das mercadorías ata o pagamento do imposto se, a xuízo da Administración ou dos órganos xestores, queda suficientemente garantida a débeda tributaria.»

Catro. Introdúcese unha disposición transitoria terceira, co seguinte contido:

«Disposición transitoria terceira. *Vehículos de tracción mecánica, embarcacións ou aeronaves importadas pendentes de matriculación nas cidades de Ceuta e Melilla.*

Os vehículos de tracción mecánica, embarcacións ou aeronaves, que con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013 xa cumprisen as formalidades de importación e se encontren pendentes de matriculación nas cidades de Ceuta ou Melilla, devindicarán o imposto no momento en que se produza a súa matriculación.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación do Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo, polo que se introducen diversas medidas tributarias e administrativas dirixidas á redución do déficit público.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2013, modifícase o número catro do punto primeiro do artigo 1 do Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo, polo que se introducen diversas medidas tributarias e administrativas dirixidas á redución do déficit público, que queda redactado da seguinte forma:

«Catro. A cantidade para ingresar correspondente aos pagamentos fraccionados establecidos no número 3 do artigo 45 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, para os suxeitos pasivos cuxo importe neto da cifra de negocios nos doce meses anteriores á data en que se inicien os períodos impositivos dentro do ano 2012 ou 2013 sexa polo menos vinte millóns de euros, non poderá ser inferior, en ningún caso, ao 12 por cento do resultado positivo da conta de perdas e ganancias do exercicio dos tres, nove ou once primeiros meses de cada ano natural ou, para suxeitos pasivos cuxo período impositivo non coincida co ano natural, do exercicio transcorrido desde o inicio do período impositivo ata o día anterior ao inicio de cada período de ingreso do pagamento fraccionado, determinado de acordo co Código de comercio e demais normativa contable de desenvolvemento, minorado exclusivamente nos pagamentos fraccionados realizados con anterioridade, correspondentes ao mesmo período impositivo.

Non obstante, a porcentaxe establecida no parágrafo anterior será do 6 por cento para aquelas entidades alí referidas, nas cales polo menos o 85 por cento dos ingresos dos tres, nove ou once primeiros meses de cada ano natural ou, para suxeitos pasivos cuxo período impositivo non coincida co ano natural, do exercicio transcorrido desde o inicio do período impositivo ata o día anterior ao inicio de cada período de ingreso do pagamento fraccionado, correspondan a rendas ás cales resulten de aplicación as exencións previstas nos artigos 21 e 22 ou a dedución prevista no artigo 30.2, do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

O disposto neste número non resultará de aplicación ás entidades a que se refiren os números 4, 5 e 6 do artigo 28 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades nin ás referidas na Lei 11/2009, do 26 de outubro, pola que se regulan as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación da Lei 11/2009, do 26 de outubro, pola que se regulan as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario.*

Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2013, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 11/2009, do 26 de outubro, pola que se regulan as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario.

Un. Modifícase a letra c) do número 1 do artigo 2, que queda redactada da seguinte forma:

«c) A tenza de participacións no capital doutras entidades, residentes ou non en territorio español, que teñan como obxecto social principal a adquisición de bens inmobles de natureza urbana para o seu arrendamento e que estean sometidas ao mesmo réxime establecido para as Socimi en canto á política obrigatoria, legal ou estatutaria, de distribución de beneficios e cumpran os requisitos de investimento a que se refire o artigo 3 desta lei.

As entidades a que se refire esta letra c) non poderán ter participacións no capital doutras entidades. As participacións representativas do capital destas entidades deberán ser nominativas e a totalidade do seu capital debe pertencer a outras Socimi ou entidades non residentes a que se refire a letra b) anterior. Tratándose de entidades residentes en territorio español, estas poderán optar pola aplicación do réxime fiscal especial nas condicións establecidas no artigo 8 desta lei.»

Dous. Modifícase o artigo 3, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 3. *Requisitos de investimento.*

1. As Socimi deberán ter investido, polo menos, o 80 por cento do valor do activo en bens inmobles de natureza urbana destinados ao arrendamento, en terreos para a promoción de bens inmobles que se vaian destinar á dita finalidade sempre que a promoción se inicie dentro dos tres anos seguintes á súa adquisición, así como en participacións no capital ou patrimonio doutras entidades a que se refire o número 1 do artigo 2 desta lei.

Esta porcentaxe calcularase sobre o balance consolidado no caso de que a sociedade sexa dominante dun grupo segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obriga de formular contas anuais consolidadas. O dito grupo estará integrado exclusivamente polas Socimi e o resto de entidades a que se refire o número 1 do artigo 2 desta lei.

O valor do activo determinarase segundo a media dos balances individuais ou, se for o caso, consolidados trimestrais do exercicio. Para calcular o dito valor a sociedade poderá optar por substituír o valor contable polo de mercado dos elementos integrantes de tales balances, o cal se aplicaríase en todos os balances do exercicio. Para estes efectos non se computarán, se for o caso, o diñeiro ou dereitos de crédito procedente da transmisión dos ditos inmobles ou participacións que se realizou no mesmo exercicio ou anteriores sempre que, neste último caso, non transcorrese o prazo de reinvestimento a que se refire o artigo 6 desta lei.

Para efectos do dito cómputo, se os bens inmobles están situados no estranxeiro, incluídos os tidos polas entidades a que se refire a letra c) do número 1 do artigo 2 desta lei, deberán ter natureza análoga aos situados en territorio

español e deberá existir efectivo intercambio de información tributaria co país ou territorio en que estean situados, nos termos establecidos na disposición adicional primeira da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal.

2. Así mesmo, polo menos o 80 por cento das rendas do período impositivo correspondentes a cada exercicio, excluídas as derivadas da transmisión das participacións e dos bens inmoables afectos ambos ao cumprimento do seu obxecto social principal, unha vez transcorrido o prazo de mantemento a que se refire o número seguinte, deberá provir:

a) Do arrendamento de bens inmoables afectos ao cumprimento do seu obxecto social principal con persoas ou entidades respecto das cales non se produza algunha das circunstancias establecidas no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia, e/ou

b) de dividendos ou participacións en beneficios procedentes de participacións afectas ao cumprimento do seu obxecto social principal.

Esta porcentaxe calcularase sobre o resultado consolidado no caso de que a sociedade sexa dominante dun grupo segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obriga de formular contas anuais consolidadas. O dito grupo estará integrado exclusivamente polas Socimi e o resto de entidades a que se refire o número 1 do artigo 2 desta lei.

3. Os bens inmoables que integren o activo da sociedade deberán permanecer arrendados durante polo menos tres anos. Para efectos do cómputo sumarase o tempo que os inmoables estivesen ofrecidos en arrendamento, cun máximo dun ano.

O prazo computarase:

a) No caso de bens inmoables que figuren no patrimonio da sociedade antes do momento de acollerse ao réxime, desde a data de inicio do primeiro período impositivo en que se aplique o réxime fiscal especial establecido nesta lei, sempre que na dita data o ben se encontrase arrendado ou ofrecido en arrendamento. Do contrario, observarase o disposto na letra seguinte.

b) No caso de bens inmoables promovidos ou adquiridos con posterioridade pola sociedade, desde a data en que foron arrendados ou ofrecidos en arrendamento por primeira vez.

No caso de accións ou participacións no capital de entidades a que se refire o número 1 do artigo 2 desta lei, deberanse manter no activo da sociedade polo menos durante tres anos desde a súa adquisición ou, se for o caso, desde o inicio do primeiro período impositivo en que se aplique o réxime fiscal especial establecido nesta lei.»

Tres. Modifícase o artigo 4, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 4. *Obriga de negociación en mercado regulado ou sistema multilateral de negociación.*

As accións das Socimi deberán estar admitidas a negociación nun mercado regulado ou nun sistema multilateral de negociación español ou no de calquera outro Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, ou ben nun mercado regulado de calquera país ou territorio co cal exista efectivo intercambio de información tributaria, de forma ininterrompida durante todo o período impositivo.

As accións das Socimi deberán ter carácter nominativo.

Estas mesmas obrigas exixiranse ás participacións representativas do capital das entidades non residentes a que se refire a letra b) do número 1 do artigo 2 desta lei.»

Catro. Modifícase o número 1 do artigo 5, que queda redactado da seguinte forma:

«1. As Socimi terán un capital social mínimo de 5 millóns de euros.»

Cinco. Modifícase o artigo 6, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 6. *Distribución de resultados.*

1. As Socimi e entidades residentes en territorio español en que participan a que se refire a letra c) do número 1 do artigo 2 desta lei, que optasen pola aplicación do réxime fiscal especial establecido nesta lei, estarán obrigadas a distribuír en forma de dividendos aos seus accionistas, unha vez cumpridas as obrigas mercantís que correspondan, o beneficio obtido no exercicio; a súa distribución deberase acordar dentro dos seis meses posteriores á conclusión de cada exercicio, na forma seguinte:

a) O 100 por 100 dos beneficios procedentes de dividendos ou participacións en beneficios distribuídos polas entidades a que se refire o número 1 do artigo 2 desta lei.

b) Polo menos o 50 por cento dos beneficios derivados da transmisión de inmobles e accións ou participacións a que se refire o número 1 do artigo 2 desta lei, realizadas unha vez transcorridos os prazos a que se refire o número 3 do artigo 3 desta lei, afectos ao cumprimento do seu obxecto social principal. O resto destes beneficios deberase reinvestir noutros inmobles ou participacións afectos ao cumprimento do dito obxecto, no prazo dos tres anos posteriores á data de transmisión. No seu defecto, os ditos beneficios deberanse distribuír na súa totalidade conxuntamente cos beneficios, se for o caso, que procedan do exercicio en que finaliza o prazo de reinvestimento. Se os elementos obxecto de reinvestimento se transmiten antes do prazo de mantemento establecido no número 3 do artigo 3 desta lei, aqueles beneficios deberanse distribuír na súa totalidade conxuntamente cos beneficios, se for o caso, que procedan do exercicio en que se transmitiron.

A obriga de distribución non alcanza, se for o caso, a parte destes beneficios imputables a exercicios en que a sociedade non tributaba polo réxime fiscal especial establecido nesta lei.

c) Polo menos o 80 por cento do resto dos beneficios obtidos.

O dividendo deberá ser pagado dentro do mes seguinte á data do acordo de distribución.

2. Cando a distribución do dividendo se realice con cargo a reservas procedentes de beneficios dun exercicio en que fose de aplicación o réxime fiscal especial, a súa distribución adoptárase obrigatoriamente co acordo a que se refire o número anterior.

3. A reserva legal das sociedades que optasen pola aplicación do réxime fiscal especial establecido nesta lei non poderá exceder o 20 por cento do capital social. Os estatutos destas sociedades non poderán establecer ningunha outra reserva de carácter indispoñible distinta da anterior.»

Seis. Derrógase o artigo 7.

Sete. Modifícase o número 1 do artigo 8, que queda redactado da seguinte forma:

«1. As Socimi, así como as entidades residentes en territorio español a que se refire a letra c) do número 1 do artigo 2, que cumpran os requisitos establecidos nesta lei, poderán optar pola aplicación no imposto sobre sociedades do réxime fiscal especial regulado nesta lei, o cal tamén será de aplicación aos seus socios.

A opción deberaa adoptar a xunta xeral de accionistas e deberase comunicar á Delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria do domicilio fiscal da

entidade antes dos tres últimos meses previos á conclusión do período impositivo. A comunicación realizada fóra deste prazo impedirá aplicar este réxime fiscal no dito período impositivo.»

Oito. Modifícase o artigo 9, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 9. *Réxime fiscal especial da sociedade no imposto sobre sociedades.*

1. As entidades que opten pola aplicación do réxime fiscal especial previsto nesta lei rexeranse polo establecido no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, sen prexuízo das disposicións especiais previstas nesta lei.

As ditas entidades tributarán ao tipo de gravame do cero por cento no imposto sobre sociedades. Neste caso, de se xeraren bases impositivas negativas, non resultará de aplicación o artigo 25 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades. Así mesmo, non resultará de aplicación o réxime de deducións e bonificacións establecidas nos capítulos II, III e IV do título VI do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

Non obstante, o incumprimento do requisito de permanencia a que se refire o número 3 do artigo 3 desta lei implicará, no caso de inmobles, a tributación de todas as rendas xeradas polos ditos inmobles en todos os períodos impositivos en que resultase de aplicación este réxime fiscal especial, de acordo co réxime xeral e o tipo xeral de gravame do imposto sobre sociedades.

O incumprimento do requisito de permanencia no caso de accións ou participacións determinará a tributación daquela parte das rendas xeradas con ocasión da transmisión, de acordo co réxime xeral e o tipo xeral do imposto sobre sociedades.

Esta mesma regularización procedería no caso de que a sociedade, calquera que fose a súa causa, pase a tributar por outro réxime distinto no imposto sobre sociedades antes de que se cumpra o referido prazo de tres anos.

As regularizacións a que se refiren os tres parágrafos anteriores realizaranse nos termos establecidos no artigo 137.3 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

2. A entidade estará sometida a un gravame especial do 19 por cento sobre o importe íntegro dos dividendos ou participacións en beneficios distribuídos aos socios cuxa participación no capital social da entidade sexa igual ou superior ao 5 por cento, cando os ditos dividendos, en sede dos seus socios, estean exentos ou tributen a un tipo de gravame inferior ao 10 por cento. O dito gravame terá a consideración de cota do imposto sobre sociedades.

O disposto no parágrafo anterior non resultará de aplicación cando o socio que percibe o dividendo sexa unha entidade á cal resulte de aplicación esta lei.

O gravame especial devindicarase o día do acordo de distribución de beneficios pola xunta xeral de accionistas, ou órgano equivalente, e deberá ser obxecto de autoliquidación e ingreso no prazo de dous meses desde a data de devindicación. O modelo de declaración deste gravame especial será aprobado por orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas, que establecerá a forma e o lugar para a súa presentación.

3. O gravame especial previsto no número anterior non resultará de aplicación cando os dividendos ou participacións en beneficios sexan percibidos por entidades non residentes a que se refire a letra b) do número 1 do artigo 2 desta lei, respecto daqueles socios que posúan unha participación igual ou superior ao 5 por cento no capital social daquelas e tributen polos ditos dividendos ou participacións en beneficios, polo menos, ao tipo de gravame do 10 por cento.

4. En todo caso, estarán suxeitos a retención os dividendos ou participacións en beneficios a que se refiren as letras a) e b) do número 1 do artigo 10 desta lei.

Así mesmo, estarán suxeitos a retención os dividendos ou participacións en beneficios a que se refire a letra c) do número 1 do artigo 10 desta lei, de acordo co

establecido no artigo 31 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo, salvo aqueles aos cales resulte de aplicación o disposto no número anterior.»

Nove. Modifícase o artigo 10, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 10. *Réxime fiscal especial dos socios.*

1. Os dividendos distribuídos con cargo a beneficios ou reservas respecto dos que se aplicase o réxime fiscal especial establecido nesta lei recibirán o seguinte tratamento:

a) Cando o perceptor sexa un suxeito pasivo do imposto sobre sociedades ou un contribuínte do imposto sobre a renda de non residentes con establecemento permanente, non será de aplicación a dedución establecida no artigo 30 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

b) Cando o perceptor sexa un contribuínte do imposto sobre a renda das persoas físicas, non será de aplicación a exención establecida na letra e) do artigo 7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

c) Cando o perceptor sexa un contribuínte do imposto sobre a renda de non residentes sen establecemento permanente, non será de aplicación a exención establecida na letra j) do número 1 do artigo 14 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo.

2. As rendas obtidas na transmisión ou reembolso da participación no capital das sociedades que optasen pola aplicación deste réxime recibirán o seguinte tratamento:

a) Cando o transmitente ou perceptor sexa un suxeito pasivo do imposto sobre sociedades ou un contribuínte do imposto sobre a renda de non residentes con establecemento permanente, non será de aplicación a dedución establecida no artigo 30 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades en relación coa renda obtida que se corresponda con reservas procedentes de beneficios respecto dos cales fose de aplicación o réxime fiscal especial previsto nesta lei.

b) Cando o transmitente ou perceptor sexa un contribuínte do imposto sobre a renda das persoas físicas, a ganancia ou perda patrimonial determinarase de acordo co previsto na letra a) do número 1 do artigo 37 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

c) Cando o transmitente ou perceptor sexa un contribuínte do imposto sobre a renda de non residentes sen establecemento permanente, non será de aplicación a exención establecida na letra i) do número 1 do artigo 14 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes.

3. Os socios cuxa participación no capital social da entidade sexa igual ou superior ao 5 por cento, e que reciban dividendos ou participacións en beneficios que tributen a un tipo de gravame de, polo menos, o 10 por cento, estarán obrigados a notificar tal circunstancia á entidade no prazo de dez días contados desde o seguinte a aquel en que sexan satisfeitos. De non existir esta notificación, entenderase que os dividendos ou participacións en beneficios están exentos ou tributan a un tipo de gravame inferior ao 10 por cento.

Os socios que teñan a condición de entidades non residentes a que se refire a letra b) do número 1 do artigo 2 desta lei deberán acreditar no prazo establecido no

parágrafo anterior que, á vista da composición do seu accionariado e da normativa aplicable no momento do acordo de distribución de dividendos, estes quedarán gravados, xa sexa na dita entidade ou nos seus socios, polo menos, ao tipo de gravame do 10 por cento. A non suxeición ao gravame especial quedará, non obstante, condicionada a que os referidos dividendos tributen ao tipo de gravame de, polo menos, o 10 por cento, cando estes sexan obxecto de distribución polas entidades a que se refire a letra b) do número 1 do artigo 2 desta lei.»

Dez. Modifícase o artigo 11, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 11. *Obrigas de información.*

1. Na memoria das contas anuais, as sociedades que optasen pola aplicación do réxime fiscal especial establecido nesta lei, crearán unha epígrafe coa denominación «Exixencias informativas derivadas da condición de Socimi, Lei 11/2009», na cal se incluírá a seguinte información:

a) Reservas procedentes de exercicios anteriores á aplicación do réxime fiscal establecido nesta lei.

b) Reservas procedentes de exercicios en que se aplicou o réxime fiscal establecido nesta lei, diferenciando a parte que procede de rendas suxeitas ao tipo de gravame do cero por cento, ou do 19 por cento, respecto daquelas que, se for o caso, tributaron ao tipo xeral de gravame.

c) Dividendos distribuídos con cargo a beneficios de cada exercicio en que resultou aplicable o réxime fiscal establecido nesta lei, diferenciando a parte que procede de rendas suxeitas ao tipo de gravame do cero por cento ou do 19 por cento, respecto daquelas que, se for o caso, tributaron ao tipo xeral de gravame.

d) En caso de distribución de dividendos con cargo a reservas, designación do exercicio de que procede a reserva aplicada e se estas estiveron gravadas ao tipo de gravame do cero por cento, do 19 por cento ou ao tipo xeral.

e) Data de acordo de distribución dos dividendos a que se refiren as letras c) e d) anteriores.

f) Data de adquisición dos inmobles destinados ao arrendamento e das participacións no capital de entidades a que se refire o número 1 do artigo 2 desta lei.

g) Identificación do activo que computa dentro do 80 por cento a que se refire o número 1 do artigo 3 desta lei.

h) Reservas procedentes de exercicios en que resultou aplicable o réxime fiscal especial establecido nesta lei, que se dispuxesen no período impositivo, que non sexa para a súa distribución ou para compensar perdas, con identificación do exercicio de que proceden as ditas reservas.

2. As mencións na memoria anual establecidas nas letras a) e b) do número anterior deberán ser efectuadas mentres existan reservas a que se refiren as ditas letras.

3. Así mesmo, as sociedades deberán achegar, por requirimento da Administración tributaria, a información detallada sobre os cálculos efectuados para determinar o resultado da distribución dos gastos entre as distintas fontes de renda.

4. Constitúe infracción tributaria o incumprimento, en relación con cada exercicio, das obrigas de información a que se refiren os números anteriores. Esta infracción será grave e sancionárase de acordo coas seguintes normas:

a) Imporase unha sanción pecuniaria de 1.500 euros por cada dato e de 15.000 euros por conxunto de datos omitido, inexacto ou falso, referidos a cada unha das obrigas de información contidas nas letras a), b), c) e d) do número 1 deste artigo.

Constitúe un dato cada unha das informacións contidas nas letras citadas no parágrafo anterior.

Constitúen distintos conxuntos de datos as informacións a que alude cada unha das letras a que se fai referencia nesta letra a).

b) Imporase unha sanción pecuniaria de 3.000 euros por cada dato ou conxunto de datos omitido, inexacto ou falso para as informacións a que se refiren as letras e), f), g) e h) do número 1 deste artigo.

Constitúe un dato cada unha das informacións contidas nas letras citadas no parágrafo anterior.

Constitúen distintos conxuntos de datos as informacións a que alude cada unha das letras a que se fai referencia nesta letra b).

c) Imporase unha sanción pecuniaria de 30.000 euros polo incumprimento da obriga a que se refire o número 3 deste artigo.»

Once. Modifícase o artigo 12, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 12. *Réxime fiscal da entrada-saída deste réxime fiscal especial.*

1. No caso de sociedades que opten pola aplicación deste réxime fiscal especial que estivesen tributando por outro réxime distinto, aplicaranse as seguintes regras:

a) Os axustes fiscais pendentes de reverter na base impositiva no momento de aplicación do presente réxime integraranse de acordo co réxime xeral e co tipo xeral de gravame do imposto sobre sociedades.

b) As bases impositivas negativas que estivesen pendentes de compensación no momento de aplicación do presente réxime compensaranse coas rendas positivas que, se for o caso, tributen baixo o réxime xeral, nos termos establecidos no artigo 25 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

c) A renda derivada da transmisión de inmobles posuídos con anterioridade á aplicación deste réxime, realizada en períodos en que é de aplicación o dito réxime, entenderase xerada de forma lineal, salvo proba en contrario, durante todo o tempo de tenza do inmovible transmitido. A parte da dita renda imputable aos períodos impositivos anteriores gravarase aplicando o tipo de gravame e o réxime tributario anterior á aplicación deste réxime fiscal especial. Este mesmo criterio aplicarase ás rendas procedentes da transmisión das participacións noutras sociedades a que se refire o número 1 do artigo 2 desta lei, así como ao resto de elementos do activo.

d) As deducións na cota íntegra pendentes de aplicar deduciranse da cota íntegra que, se for o caso, proceda da aplicación do réxime xeral, nos termos establecidos no título VI do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

2. No caso de sociedades que estivesen tributando por este réxime fiscal especial e pasen a tributar por outro réxime distinto, a renda derivada da transmisión de inmobles posuídos no inicio do período impositivo en que a sociedade pase a tributar por outro réxime fiscal distinto, realizada en períodos en que é de aplicación esoutro réxime, entenderase xerada de forma lineal, salvo proba en contrario, durante todo o tempo de tenza do inmovible transmitido. A parte da dita renda imputable a períodos impositivos en que resultou de aplicación este réxime especial gravarase segundo o establecido nesta lei. Este mesmo criterio aplicarase ás rendas procedentes da transmisión das participacións noutras entidades a que se refire o número 1 do artigo 2 desta lei.

3. Para os efectos do establecido no número 2 do artigo 96 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, presumirase que as operacións de fusións, escisións, achegas de activos e trocas de valores acollidas ao réxime especial establecido no capítulo VIII do título VII do dito texto refundido, se efectúan cun motivo económico válido cando a finalidade das ditas operacións sexa a creación

dunha ou varias sociedades susceptibles de se acolleren ao réxime fiscal especial das Socimi regulado na presente lei, ou ben a adaptación, coa mesma finalidade, de sociedades previamente existentes.»

Doce. Modifícase o artigo 13, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 13. *Perda do réxime fiscal especial.*

A entidade perderá o réxime fiscal especial establecido nesta lei, polo que pasa a tributar polo réxime xeral do imposto sobre sociedades, no propio período impositivo en que se manifeste algunha das circunstancias seguintes:

a) A exclusión de negociación en mercados regulados ou nun sistema multilateral de negociación.

b) O incumprimento substancial das obrigas de información a que se refire o artigo 11 desta lei, excepto que na memoria do exercicio inmediato seguinte se emende ese incumprimento.

c) A falta de acordo de distribución ou pagamento total ou parcial dos dividendos nos termos e prazos a que se refire o artigo 6 desta lei. Neste caso, a tributación polo réxime xeral terá lugar no período impositivo correspondente ao exercicio de cuxos beneficios procedesen tales dividendos.

d) A renuncia á aplicación deste réxime fiscal especial.

e) O incumprimento de calquera outro dos requisitos exixidos nesta lei para que a entidade poida aplicar o réxime fiscal especial, excepto que se repaña a causa do incumprimento dentro do exercicio inmediato seguinte. Non obstante, o incumprimento do prazo a que se refire o número 3 do artigo 3 desta lei non suporá a perda do réxime fiscal especial.

A perda do réxime implicará que non se poida optar de novo pola aplicación do réxime fiscal especial establecido nesta lei mentres non transcorresen polo menos tres anos desde a conclusión do último período impositivo en que foi de aplicación o dito réxime.»

Disposición derradeira novena. *Modificación da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013, modifícase o artigo 60 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 60. *Tipos impositivos.*

1. O imposto exíxirase conforme a seguinte tarifa:

Epígrafe 1. Xarutos e xarutiños: excepto nos casos en que resulte aplicable o parágrafo seguinte, os xarutos e xarutiños estarán gravados ao tipo do 15,8 por 100.

O importe do imposto non pode ser inferior ao tipo único de 34 euros por cada mil unidades, e incrementarase ata 36,5 euros cando aos xarutos e xarutiños se lles determine un prezo de venda ao público inferior a 205 euros por cada 1.000 unidades.

Epígrafe 2. Cigarros: excepto nos casos en que resulte aplicable o parágrafo seguinte, os cigarros estarán gravados simultaneamente aos seguintes tipos impositivos:

a) Tipo proporcional: 53,1 por 100.

b) Tipo específico: 19,1 euros por cada 1.000 cigarros.

O importe do imposto non pode ser inferior ao tipo único de 123,97 euros por cada 1.000 cigarros, e incrementarase ata 132,97 euros cando aos cigarros se lles determine un prezo de venda ao público inferior a 188,50 euros por cada 1.000 cigarros.

Epígrafe 3. Picadura para lear: excepto nos casos en que resulte aplicable o parágrafo seguinte, a picadura para lear estará gravada simultaneamente aos seguintes tipos impositivos:

- a) Tipo proporcional: 41,5 por 100.
- b) Tipo específico: 8 euros por quilogramo.

O importe do imposto non pode ser inferior ao tipo único de 85 euros por cada quilogramo, e incrementarase ata 92 euros cando á picadura para lear se lle determine un prezo de venda ao público inferior a 138 euros por quilogramo.

Epígrafe 4. Os demais elaborados do tabaco: 28,4 por 100.

2. Para os efectos deste artigo, por prezo de venda ao público para cada epígrafe entenderase o prezo máximo de venda ao público en expendedorías de tabaco e timbre situadas na Península ou Illes Balears, incluídos todos os impostos.

3. As leis de orzamentos xerais do Estado poderán actualizar o importe dos tipos únicos e dos prezos de venda ao público sinalados no número 1 deste artigo, en atención á evolución do prezo de venda ao público dos distintos elaborados do tabaco.»

Disposición derradeira décima. *Modificación da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio:

Un. Modifícase o número 3 do artigo 14, que queda redactado da seguinte forma:

«3. No suposto de que o contribuínte perda a súa condición por cambio de residencia, todas as rendas pendentes de imputación deberán integrarse na base imponible correspondente ao último período impositivo que se deba declarar por este imposto, nas condicións que se fixen regulamentariamente, e practicarse, se for o caso, autoliquidación complementaria, sen sanción nin xuros de demora nin recarga ningunha.

Cando o traslado de residencia se produza a outro Estado membro da Unión Europea, o contribuínte poderá optar por imputar as rendas pendentes conforme o disposto no parágrafo anterior, ou por presentar, a medida en que se vaia obtendo cada unha das rendas pendentes de imputación, unha autoliquidación complementaria sen sanción, nin xuros de demora nin recarga ningunha, correspondente ao último período que se deba declarar por este imposto. A autoliquidación presentárase no prazo de declaración do período impositivo en que correspondese imputar as ditas rendas en caso de non se ter producido a perda da condición de contribuínte.»

Dous. Modifícase a letra f) do número 1 do artigo 17, que queda redactada da seguinte forma:

«f) As contribucións ou achegas satisfeitas polos empresarios para facer fronte aos compromisos por pensións nos termos previstos pola disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, e na súa normativa de desenvolvemento, cando aquelas sexan imputadas ás persoas ás cales se vinculen as prestacións. Esta imputación fiscal terá carácter voluntario nos contratos de seguro colectivo distintos dos plans de previsión social empresarial, e deberá manterse a decisión que se adopte respecto do resto de primas que se satisfagan ata a extinción do contrato de seguro. Non

obstante, a imputación fiscal terá carácter obrigatorio nos contratos de seguro de risco. A imputación fiscal non terá carácter obrigatorio nos contratos de seguro en que se cubran conxuntamente as continxencias de xubilación e de falecemento ou incapacidade.

Malia o previsto no parágrafo anterior, en todo caso, a imputación fiscal de primas dos contratos de seguro antes sinalados será obrigatoria polo importe que exceda 100.000 euros anuais por contribuínte e respecto do mesmo empresario, salvo nos seguros colectivos contratados a consecuencia de despedimentos colectivos realizados de conformidade co disposto no artigo 51 do Estatuto dos traballadores.»

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 18, que queda redactado da seguinte forma:

«2. a) O 40 por cento de redución, no caso de rendementos íntegros distintos dos previstos no artigo 17.2 a) desta lei que teñan un período de xeración superior a dous anos e que non se obteñan de forma periódica ou recorrente, así como aqueles que se cualifiquen regulamentariamente como obtidos de forma notoriamente irregular no tempo.

O cómputo do período de xeración, no caso de que estes rendementos se cobren de forma fraccionada, deberá ter en conta o número de anos de fraccionamento, nos termos que regulamentariamente se establezan.

A contía do rendimento íntegro a que se refire este número sobre a cal se aplicará a citada redución non poderá superar o importe de 300.000 euros anuais.

b) Sen prexuízo da aplicación do límite anual sinalado no parágrafo anterior, a contía do rendimento sobre a cal se aplicará a redución do 40 por cento non poderá superar:

1.º No caso de que os rendementos deriven do exercicio de opcións de compra sobre accións ou participacións polos traballadores, o importe que resulte de multiplicar o salario medio anual do conxunto dos declarantes no imposto sobre a renda das persoas físicas polo número de anos de xeración do rendimento.

Non obstante, este último límite duplicarase para os rendementos derivados do exercicio de opcións de compra sobre accións ou participacións polos traballadores que cumplan os seguintes requisitos:

– As accións ou participacións adquiridas deberanse manter, polo menos, durante tres anos, contados desde o exercicio da opción de compra.

– A oferta de opcións de compra deberase realizar nas mesmas condicións a todos os traballadores da empresa, grupo ou subgrupos de empresa.

Reglamentariamente fixarase a contía do salario medio anual, tendo en conta as estatísticas do imposto sobre o conxunto dos contribuíntes nos tres anos anteriores.

2.º No caso de rendementos do traballo cuxa contía estea comprendida entre 700.000,01 euros e 1.000.000 euros e deriven da extinción da relación laboral, común ou especial, ou da relación mercantil a que se refire o artigo 17.2.e) desta lei, ou de ambas, o importe que resulte de minorar 300.000 euros na diferenza entre a contía do rendimento e 700.000 euros.

Cando a contía de tales rendementos sexa igual ou superior a 1.000.000 de euros, a contía dos rendementos sobre a cal se aplicará a redución do 40 por cento será cero.

Para efectos do previsto neste ordinal 2.º, a contía total do rendimento do traballo que se computará virá determinada pola suma aritmética dos rendementos do traballo anteriormente indicados procedentes da propia empresa ou doutras empresas do grupo de sociedades en que concorran as circunstancias previstas no artigo 42 do Código de comercio, con independencia do número de períodos impositivos a que se imputen.»

Catro. Engádesse unha disposición transitoria vixésimo quinta, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria vixésimo quinta. *Límite á redución do 40 por cento sobre os rendementos do traballo derivados de extincións de relacións laborais ou mercantís.*

O límite da redución do 40 por cento previsto no artigo 18.2 b) 2.º desta lei non se aplicará aos rendementos do traballo que deriven de extincións de relacións laborais ou mercantís producidas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013.»

Cinco. Engádesse unha disposición transitoria vixésimo sexta, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria vixésimo sexta. *Réxime transitorio aplicable á imputación de primas de seguros colectivos contratados con anterioridade ao 1 de decembro de 2012.*

Para efectos do disposto no segundo parágrafo da letra f) do número 1 do artigo 17 desta lei, nos seguros colectivos contratados con anterioridade ao 1 de decembro de 2012, nos cales figuren primas de importe determinado expresamente, e o importe anual destas supere o límite fixado no dito artigo, non será obrigatoria a imputación por ese exceso.»

Disposición derradeira décimo primeira. *Título competencial.*

Esta lei apróbase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia en materia de facenda xeral.

Disposición derradeira décimo segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o Goberno para que, no ámbito das súas competencias, dite as disposicións regulamentarias e medidas necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Disposición derradeira décimo terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 27 de decembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY